

★ **A Nación** en marcha

XII Asemblea Nacional do BNG



★ A Nación en marcha



★ **Documento** Político

marcha



1. NACIÓN E AUTOGOBERNO: O NOVO ESTATUTO DE NACIÓN

1.1. O NOVO ESTATUTO DE NACIÓN COMO PARTE DO PROCESO DE AUTODETERMINACIÓN NACIONAL

Galiza reúne todas as características empíricas dunha nación: historia propia, lingua, territorio, comunidade estábel, vida económica específica, hábitos psicolóxicos e comunidade de cultura. Desde o momento da emerxencia das nacións europeas, e en coincidencia no tempo con múltiples que xa deviron en Estados, o movemento nacional galego manifestou unha inequívoca vontade política de emancipación nacional. Porén, Galiza carece de Estado propio, isto é, non ten soberanía política. Houbo toda unha etapa histórica de normalidade, en termos políticos, con clase dirixente e institucións de autogoberno propias, en que o denominado Reino de Galiza foi o epicentro da vida política, económica e cultural en relación cos outros reinos peninsulares cristiáns (desde o século IX ao XIV). A integración subordinada do Reino de Galiza na monarquía castelá consumouse, de xeito conflitivo, nos confíns da Baixa Idade Media. Esta integración subordinada da Galiza, moito antes que a de Cataluña (século XVIII) e Euskadi (século XIX) explica, en parte, a diferenza de consciencia nacional entre elas, tal e como explicaba Castelao.

A pesar do seu sometemento durante os séculos XVI-XVIII pola monarquía española, Galiza conservou a súa personalidade lingüística, cultural e social. O pobo galego ten detrás de si unha tradición de pensamento e praxe nacionalistas, orientados a expresaren a vontade nacional de autogoberno, de soberanía, de normalidade política. Esta vontade nacional de recuperación da dignidade e da soberanía asentou sempre nas clases populares e na visión antiimperialista, isto é, igualitaria, nas relacións entre pobos e Estados.

O nacionalismo galego entre 1914 e 1945, o período entre a Primeira e a Segunda Guerra Mundial, foi marcadamente pacifista e antiimperialista, como progresista nos seus postulados sociais e económicos. Así o podemos comprobar nos seus máis senlleiros dirixentes (Castelao, os irmáns Vilar Ponte, Alexandre Bóveda, Suárez Picallo...) e nos programas e opcións tácticas do PG durante toda a República.

O BNG non fixo máis que continuar, nisto, unha liña xa histórica. O proceso de autodeterminación do pobo galego, de recuperación da soberanía, da capacidade de decidir por si, para conseguir o status de normalidade, vén, pois, de vello.

Nesta etapa histórica tócalle ao BNG responsabilizarse da autoorganización do pobo galego, da súa mobilización para lograr a soberanía, seguindo hoxe a estratexia de transformación do Estado nun Estado plurinacional, isto é, de nacións soberanas, que están dispostas a compartiren esta soberanía respecto de asuntos determinados. Para iso cómpre acertarmos tamén nas opcións tácticas e escoller as que máis axuden ao avance do proceso. Non hai avance sen pobo detrás. A súa participación e a súa asunción das alternativas é o que pode facer mudar cualitativamente o país.

Partindo destas premisas, o BNG considera que o logro dun Estatuto de Nación constitúe para o nacionalismo galego de hoxe un obxectivo fundamental, comparábel ao que o Estatuto de 1936 supuxo para o nacionalismo galego antes do Golpe de Estado de Franco. E como lembraba daquela o Partido Galeguista, o BNG tamén considera que o Estatuto de Nación é apenas máis outro paso, e non o derradeiro, no camiño da nosa liberdade nacional. O avance, en todo o caso, que aos/ás nacionalistas de hoxe nos cómpre conquistar e consolidar.

Propostas de Tese:

- 1. Galiza reúne todas as características empíricas dunha nación: historia propia, lingua, territorio, comunidade estábel, vida económica específica, hábitos psicolóxicos e comunidade de cultura. Porén, Galiza carece de Estado propio, isto é, non ten soberanía política.**
- 2. O pobo galego ten detrás de si unha tradición de pensamento e praxe nacionalistas, orientados a expresaren a vontade nacional de autogoberno, de soberanía, de normalidade política. Esta vontade nacional de recuperación da dignidade e da soberanía asentou sempre nas clases populares e na visión antiimperialista, isto é, igualitaria, nas relacións entre pobos e Estados.**

3. Nesta etapa histórica correspóndelle ao BNG responsabilizarse da autoorganización do pobo galego e da súa mobilización para acadar o obxectivo da transformación do Estado español nun Estado plurinacional.

4. O nacionalismo galego sempre entendeu a conquista da soberanía como un proceso dinámico e progresivo de logro e consolidación de espazos de libre decisión popular, tanto no ámbito das relacións sociais e económicas como tamén no plano institucional. Nunca entendemos o dereito de autodeterminación como un feito puntual, limitado á celebración dun plebiscito.

5. Para iso cómpre acertarmos tamén nas opcións tácticas e escoller as que máis axuden ao avance do proceso. Non hai avance sen pobo detrás. A súa participación e a súa asunción das alternativas é o que pode facer mudar cualitativamente o país.

6. Partindo destas premisas, o BNG considera que o logro dun Estatuto de Nación constitúe para o nacionalismo galego de hoxe un obxectivo fundamental, comparábel ao que o Estatuto de 1936 supuxo para o nacionalismo galego antes do Golpe de Estado de Franco. E como lembraba daquela o Partido Galeguista, o BNG tamén considera que o Estatuto de Nación é apenas máis outro paso, e non o derradeiro, no camiño da nosa liberación nacional. O avance, en todo o caso, que aos/ás nacionalistas de hoxe nos cómpre conquistar e consolidar.

1.2. AUTOGOBERNO E MODELO DE FINANCIAMENTO: CHAVES POLÍTICAS E IDEOLÓXICAS

No proceso de avance do autogoberno merece especial atención a cuestión do financiamento, pois que nela se dirime un debate político fundamental para Galiza e no que ademais, historicamente, o nacionalismo galego veu centrando gran parte dos seus argumentos e do seu traballo, como demostra a memoria financeira elaborada por Alexandre Bóveda para o proxecto de Estatuto elaborado polo Seminario de Estudos Galegos en 1931.

O modelo de financiamento coñecido como de réxime común, por canto afecta a todas as comunidades autónomas, agás as forais (Euskadi e Nafarroa), é un dos elementos constitutivos do peculiar modelo de descentralización da CE de 1978 -o 'Estado das autonomías'-, e incorpora, por tanto, graves insuficiencias da perspectiva dunha división vertical do poder político real. Reflicte a través deste a ideoloxía básica, primaria, do españolismo, que nega a existencia de calquera outra nación que non sexa a española e fortalece a confusión interesada entre nación e Estado.

O modelo de financiamento é o instrumento a través do que se financian as competencias e servizos transferidos. O sistema de financiamento autonómico vixente no Estado español está ao servizo de presupostos ideolóxicos claramente centralistas e falaces, e da súa consolidación: fai aparecer como concluído e pechado o “Estado das autonomías” e, en consecuencia, nega calquera avance cara á construción dun verdadeiro Estado plurinacional; presenta un Estado relativamente descentralizado no gasto, mais fortemente centralizado na recadación, como coartada (ante as reivindicacións nacionalistas) para falar do “Estado máis descentralizado do mundo”: traslada a imaxe falsa, de fondo contido ideolóxico, dun Estado cun pretendido carácter solidario que lle achega recursos de xeito paternalista a quen non ten capacidade de se financiar por si propio.

Non é de estrañar, por iso, a coincidencia do PSOE co PP en que non se pode nin debe cambiar cualitativamente o sistema de financiamento actual como o debate do Estatut catalán se encargou de demostrar. Efectivamente, as concesións, moi importantes, aínda que limitadas, que se fixeron a Cataluña, contrastaron co pechamento e intransixencia a aceptar o modelo de financiamento proposto inicialmente polo Parlamento catalán, por canto era un modelo de auténtica soberanía fiscal, correspondente a un deseño do Estado plurinacional.

Para o BNG, en cambio, o autogoberno é inseparábel da autonomía fiscal, e Galiza ten capacidade financeira suficiente para se valer por si propia se contar cos instrumentos políticos e fiscais para poder responsabilizarse. Os datos coñecidos¹ confirman que Galiza conta con recursos suficientes para se autogobernar e para se desenvolver por si propia, mesmo do punto de vista fiscal.

Fronte á idea da Galiza pobre, subvencionada por España e incapaz de se valer por si propia, o nacionalismo ten de afirmar o que a realidade nos mostra: que Galiza é un país empobrecido por moitos anos de políticas contrarias aos seus intereses e que conta con recursos e potencialidades suficientes para sustentar servizos públicos universais de calidade e unha estratexia propia de progreso económico e social. Xa que logo, fronte ao discurso interesado da “solidariedade estatal”, o nacionalismo debe pór de relevo as contradicións dunha “solidariedade” incapaz de enxugar as diferenzas demográficas, de emprego, de dotación de capital público e de rendementos entre Galiza, o Estado e Europa e que non compensa ao noso país polos custos ambientais e sociais de producións que, ademais, deixan os seus rendementos fiscais fóra.

En resumo, do mesmo xeito que ninguén pon xa en dúbida que o Estado marxinou historicamente a Galiza na adopción das súas decisións de investimento, nomeadamente, mais non só, en materia de infraestruturas, para o nacionalismo é fundamental refutar o discurso ideolóxico da falsa solidariedade estatal afirmando que unha Galiza con máis poder de decisión é perfectamente viábel e capaz de ofrecer máis calidade de vida aos galegos e galegas e máis futuro ao país. E que non é precisamente Galiza quen lle ten que agradecer a súa existencia ao Estado: se as institucións estatais existiren é porque o pobo galego, xunto con outros, consente en financeiro e non ao revés. E ademais é esta idea -a dun Estado común construído desde abaixo e consentido polas diferentes nacións que nel se integran- a que mellor responde ao modelo de Estado plurinacional que o BNG, xunto coas demais forzas políticas nacionalistas aliadas en Galeuscat, estableceu como obxectivo político.

O modelo de financiamento recollido na proposta articulada do BNG é congruente con esta visión, un sistema fundado na plena soberanía fiscal

1. Os datos dos Informes de Liquidación do Sistema de Financiamento referidos aos anos 2002-2004 (Ministerio de Economía e Facenda), ofrecen uns resultados suficientemente significativos. Galiza achegou no ano 2004 uns 9100 M como consecuencia dos tributos soportados polo sistema fiscal estatal. O Estado devolveu 6139,8 M para atender as súas necesidades de gasto nese ano, a través das porcentaxes da cesta de impostos (unicamente o 35% da carga impositiva total galega) e do “Fondo de Suficiencia”. Tamén cómpre coñecer que no ano 2004, o 45% do recadado pola Axencia Tributaria do Estado aparece como recadado en Madrid cando o PIB deste territorio significa o 17.4% do total español, case tres veces menos, o que fai patente unha imposibilidade tendo en conta o cativo carácter progresivo do conxunto do sistema fiscal español. Esta anomalía deriva do carácter de capital do Estado desta comunidade autónoma, que lle supón, entre outras vantaxes, que se domicilien nela as sedes de todas as empresas e organismos estatais e a da maioría das grandes empresas privadas, industriais ou de servizos, con presenza na Galiza, polo que a tributación destas polo imposto de sociedades, polo IVE, polas súas operacións co exterior, ou as retencións dos seus traballadores non se recada nas delegacións galegas da AEAT, senón no domicilio desas sedes.

de Galiza, é dicir, na territorialización dos tributos e na capacidade normativa e de xestión sobre estes contando cunha Axencia Tributaria propia, galega. Este modelo, compatíbel coa participación no sustento do Estado común en función de criterios pactados que teñan en conta distintas variábeis, non desbota que poida existir un fondo de equilibrio ou de redistribución para destinar especificamente aos que teñan unha renda inferior á media do conxunto, no contexto da política de redistribución inherente a todo o espazo político-social propiamente tal.

Esta concepción racional do Estado español expresa outra idea distinta e contraposta de unidade. É unha unidade baseada na transparencia e na autorresponsabilidade, na crenza nas propias capacidades. É unha unidade real en interese de todos.

Alén disto, o debate sobre o modelo de financiamento é tamén unha excelente oportunidade para pór en evidencia a realización por parte dos sucesivos Gobernos do Estado dunha política que lonxe de afondar na descentralización do Estado, promoveu a concentración en Madrid dun aparello administrativo de gran dimensión, de boa parte do poder financeiro e empresarial, de multitude de servizos e reforzou o papel de Madrid como centro das principais redes de comunicacións, absorbendo en beneficio da capital do Estado recursos fiscais, económicos e sociais de todo o territorio do Estado.

Tamén as nosas análises do papel obxectivo do Estado español en Galiza fundamentan que a cuantificación e pagamento da débeda histórica contraída polo Estado coa nosa nación constituía unha constante do noso traballo, nomeadamente no seo do goberno galego e na negociación e condicionamento do apoio do BNG aos orzamentos estatais.

Tomando como punto de partida o modelo de financiamento contido na nosa proposta de texto articulado, o BNG buscará o consenso coas outras forzas políticas. Mais, en calquera caso, o BNG traballará para que, cando menos, o modelo de financiamento recollido no novo Estatuto, negociado bilateralmente co Estado, garanta a suficiencia financeira da facenda galega a partir dos tributos propios e da recadación territorializada de determinados impostos estatais (IRPF, IVE, impostos especiais e sociedades), cunha ampla marxe de autonomía fiscal e, en todo o caso, con mecanismos que garantan o retorno a Galiza dos tributos satisfeitos

noutros territorios por actividades desenvolvidas no noso país. Canto á débeda histórica, o novo Estatuto deberá conter unha cláusula de garantía de que o investimento estatal en Galiza non será inferior ao 8% do total, sen aceptar interpretacións reducionistas na aplicación práctica desta porcentaxe.

Propostas de Tese:

1. O actual modelo de financiamento das Comunidades Autónomas reflicte a ideoloxía básica do españolismo, que nega a existencia de calquera outra nación que non sexa a española e fortalece a confusión interesada entre nación e Estado. Traslada, ademais, unha imaxe falsa, de fondo contido ideolóxico: a dun Estado cun pretendido carácter solidario que lle achega recursos de xeito paternalista a quen non ten capacidade de se financiar por si propio.

2. Para o BNG, o autogoberno é inseparábel da autonomía fiscal, e Galiza ten capacidade financeira suficiente para se valer por si propia se contar cos instrumentos políticos e fiscais para se poder responsabilizar.

3. Fronte á idea da Galiza pobre, subvencionada por España e incapaz de se valer por si propia, o nacionalismo ten de afirmar o que a realidade nos mostra: que Galiza é un país empobrecido por moitos anos de políticas contrarias aos seus intereses e que conta con recursos e potencialidades suficientes para sustentar servizos públicos universais de calidade e unha estratexia propia de progreso económico e social. Unha Galiza con máis poder de decisión é perfectamente viábel e capaz de ofrecer máis calidade de vida aos galegos e galegas e máis futuro ao país.

4. O BNG defenderá un sistema fundado na plena soberanía fiscal de Galiza, é dicir, na territorialización dos tributos e na capacidade normativa e de xestión sobre os mesmos contando cunha Axencia Tributaria propia, galega. Este modelo, compatíbel coa participación no sustento do Estado común en función de criterios pactados que teñan en conta distintas variábeis, non desbota que poida existir un fondo de equilibrio ou de redistribución para destinar especificamen-

te aos que teñan unha renda inferior á media do conxunto, no contexto da política de redistribución inherente a todo o espazo político-social propiamente tal.

5. A proposta do BNG responde a unha concepción racional do Estado español e expresa outra idea distinta e contraposta de unidade. Unha unidade baseada na transparencia e na autorresponsabilidade, na crenza nas propias capacidades. Unha unidade real en interese de todos.

6. Na negociación coas outras forzas, o BNG traballará para que, cando menos, o modelo de financiamento recollido no novo Estatuto, negociado bilateralmente co Estado, garanta a suficiencia financeira da facenda galega a partir dos tributos propios e da recadación territorializada de determinados impostos estatais (IRPF, IVE, impostos especiais e sociedades), cunha ampla marxe de autonomía fiscal e, en todo o caso, con mecanismos que garantan o retorno a Galiza dos tributos satisfeitos noutros territorios por actividades desenvolvidas no noso país. Con tal fin o BNG propondrá a creación dunha Axencia Tributaria que xestione todos os tributos recadados en Galiza e nos que participe a Comunidade Autónoma. Ademais, o Novo Estatuto debe recoller unha ampliación substancial das competencias no que se refire ao deseño da nosa política económica, a regulación das institucións de crédito e as principais políticas sectoriais. Canto á débeda histórica, o novo Estatuto deberá conter unha cláusula de garantía de que o investimento estatal en Galiza non será inferior ao 8% do total, sen aceptar interpretacións reduccionistas na aplicación práctica desta porcentaxe.

1.3. NOVO ESTATUTO E CONTEXTO ESTATAL

1.3.1. A situación política no Estado: as posibilidades, as responsabilidades e os compromisos para avanzar politicamente.

O Estado español segue a ser, no fundamental, un Estado centralista, vertebrado a través de poderes oligárquicos e reaccionarios. Esta vertebración, os esteos que o sustentan, exprésase, con maior ou menor virulencia, segundo a conxuntura política. A orientación política abertamente

antidemocrática, agresiva co pluralismo político e coa diversidade nacional do Estado, descarnadamente pro-imperialista, foi especialmente nítida na etapa de Goberno do PP con maioría absoluta (2000-2004). Agora, co Goberno do PSOE, asistimos a unha versión da política estatal denominada a “España plural”. É unha política máis democrática en canto existe un maior respecto polo pluralismo político. Acéptase que cómpre integrar a diversidade nacional canalizando reivindicacións e demandas, a pesar de que sexa para recortalas ou adaptalas. Os dereitos e as liberdades democráticas das persoas están máis garantidos. Porén, a pesar de aplicar unha política económica e internacional continuísta, resulta ilustrativo comprobar como aínda así as tímidas reformas do Goberno Zapatero topan coa oposición cernil de sectores económicos, da Igrexa, dos medios de comunicación e do poder xudicial. É todo un síntoma da fragilidade democrática en que se asenta o Estado español, conformado para asegurar a “unidade intanxíbel de España, patria común e indivisíbel de todos os españois”. Nesta situación, certamente a marxe para avanzar é pequena. Mais non podemos desaproveitala, porque tamén é única en moitos anos de deficiente democracia.

A responsabilidade do BNG, nesta conxuntura, é grande na Galiza. É a única forza política do país con vontade nacional, con predisposición e interese en formular os problemas do pobo galego especificamente. É a única forza para que se teña unha perspectiva estatal da Galiza que non consista na rutina anuladora. É a única capaz de aplicar unha estratexia galega ao servizo da Galiza, para non sermos un apéndice da política española, na versión bipartita.

Certamente, a forza institucional do BNG non é toda a que cumpriría para asegurar un avance incuestionábel das posicións galegas no Estado. Mais non é desprezábel, sobre todo se sabemos contar coa sociedade, concienziala e mobilizala, con confianza e sen medo. Con confianza e sen medo introducimos o debate da necesidade dun novo Estatuto de Nación para Galiza, cando non só o PP, senón tamén o PSOE, consideraban que non era un tema relevante para o país, pois abondaba coa cativa autonomía e a forma aínda máis cativa de a exercer que soportamos durante case vinte e cinco anos. Con confianza e cheos de razón reivindicamos ao Goberno un investimento mínimo anual do 8% en infraestruturas do total estatal. Non se pode dicir que fracasamos. Que o PP e o PSOE teñan maior

peso institucional que o BNG non pode levarnos a manter posicións puramente ideolóxicas que conduzan á inactividade práctica ou a non aproveitarmos conxunturas favorábeis para formular as reivindicacións nacionais (por certo, de gran transcendencia económico-social e cultural) desde a nosa perspectiva. O resultado vai ser sempre positivo, a pesar de podermos non chegar a lograr o obxectivo na súa plenitude ou como nós o concibiamos. Non cabe dúbida de que o debate sobre o novo Estatuto de Nación fixo posíbel formular a nivel popular temas moi diversos, algúns deles fundamentais para o país (competencias como o da policía de tráfico e a seguranza vial, a conca hidrográfica do Miño, o salvamento marítimo, o status dunha verdadeira oficialidade para o galego, co deber de o coñecer, a política de seguranza e hixiene no traballo, o sistema de financiamento actual e o necesario para Galiza, por que Galiza é unha nación...).

O resultado do debate estatutario canto á súa concreción final está pendente de varios condicionantes: a) a evolución da política estatal e os cambios de actitude que se poidan producir no PP e mesmo no PSOE; b) o grao de solidez dos acordos BNG-PSdeG/PSOE para manter uns principios mínimos irrenunciábeis no texto estatutario, hoxe por hoxe non aceptados polo PP; c) a capacidade do BNG para premer desde a sociedade e para facer inevitábel a asunción do maior número de competencias, coa maior blindaxe; c) a continuidade do bipartito e o peso do BNG na próxima lexislatura, se resultar imposíbel a súa aprobación nesta.

En todo o caso, o BNG ten claro que o novo Estatuto debe definir Galiza como unha nación, recoñecer un status de oficialidade para o galego igual xuridicamente que o recoñecido pola Constitución española para o castelán (dereito a usalo e deber de o coñecer), incluír todas as competencias chave para un real autogoberno e unha fórmula de financiamento axeitada, así como unha fórmula de pagamento da débeda histórica.

O BNG non pode apuntarse ao fatalismo. Pode haber varios escenarios posíbeis ao final e o BNG actuará sempre en defensa dos intereses de Galiza. Mais temos a certeza de que só coa nosa participación activa e coa nosa iniciativa nesta cuestión o debate terá incidencia social e se crearán suficientes contradicións nas forzas políticas españolas como para teren que asumir o que a sociedade galega defenda,



COMARCAS

COMARCAS

COMARCAS

COMARCAS

CONVIDADOS
CONVIDADOS

orientada e informada polo BNG. Queremos un avance cualitativo para o autogoberno de Galiza. Estamos traballando para o lograr.

O debate sobre a necesidade dun novo Estatuto de Nación para Galiza evidenciará, como xa o fixo co debate do Estatut catalán, os límites da Constitución española a este respecto. Sabemos que o texto constitucional só reconece a soberanía da “nación española”. Por iso mesmo, o debate desde as nacións, desde os seus parlamentos, desde abaixo, é tamén a mellor maneira de premer contra un corsé constitucional a todas luces antidemocrático, que nega a súa vontade nacional, o seu poder de decisión e o das súas institucións do autogoberno.

Propostas de Tese:

1. Co Goberno do PSOE asistimos a unha versión da política estatal denominada a “España plural”. É unha política máis democrática en canto existe un maior respecto polo pluralismo político. Acéptase que cómpre integrar a diversidade nacional canalizando reivindicacións e demandas, a pesar de que sexa para recortalas ou adaptalas. A esta política contribuíu a nova situación parlamentaria, sen maiorías absolutas. Nesta situación, aínda que a marxe para avanzar é pequena, non podemos desaproveitala, porque tamén é única en moitos anos de deficiente democracia.

2. A responsabilidade do BNG, nesta conxuntura, é grande na Galiza. É a única forza política do país con vontade nacional, con predisposición e interese en formular os problemas do pobo galego especificamente.

3. A forza institucional do BNG non é toda a que cumpriría para asegurar un avance incuestionábel das posicións galegas no Estado, mais non desprezábel, sobre todo se sabemos contar coa sociedade, concienciala e mobilizala. Que o PP e o PSOE teñan maior peso institucional que o BNG non pode levarnos a manter posicións puramente ideoloxistas que conduzan á inactividade práctica ou a non aproveitarmos conxunturas favorábeis para formular as reivindicacións nacionais (por certo, de gran transcendencia económico-social e cultural) desde a nosa perspectiva.

4. O debate desde as nacións, desde os seus parlamentos, desde abaixo, é tamén a mellor maneira de premer contra un corsé constitucional a todas luces antidemocrático, que nega a súa vontade nacional, o seu poder de decisión e o das súas institucións de autogoberno.

5. O BNG ten claro que o novo Estatuto debe definir Galiza como unha nación, recoñecer un status de oficialidade para o galego igual xuridicamente que o recoñecido pola Constitución española para o castelán (dereito a usalo e deber de o coñecer), incluír todas as competencias chave para un real autogoberno e unha fórmula de financiamento axeitada, así como unha fórmula de pagamento da débeda histórica.

6. Con todo, o proceso iniciado é obxectivamente favorábel ao nacionalismo:

- a) Populariza un debate que é razón de ser do BNG: a existencia de Galiza como nación, e o exercicio dos dereitos políticos que se derivaren desa consideración.**
- b) É unha extraordinaria oportunidade para desenvolver unha campaña social propia, activa e pedagóxica, que incida e analice os aspectos cardinais da dependencia de Galiza e articule solucións políticas sen prexuízos, medos nin complexos.**
- c) Pon en evidencia o contraste esencial de proxectos políticos: sucursalismo e “estratexias de Estado” fronte ao nacionalismo e necesidades do país.**
- d) Sitúa no ámbito estatal a referencia dos tres problemas nacionais non resoltos: Galiza, País Vasco e Cataluña.**

1.3.2. A aposta por un Estado plurinacional

O BNG, na tradición histórica do nacionalismo galego, aposta pola construción dun Estado plurinacional. O Estado plurinacional está xusto na antítese do actual Estado autonómico, tanto na súa versión de simple descentralización administrativa, restritiva do punto de vista político e competencial, característica da dereita españolista, como na súa versión dialogante e favorábel a mudanzas cuantitativas, coa concesión de máis competencias e mesmo con avances no terreo da cooficialidade de linguas, o caso do PSOE-Zapatero. En ambos os casos, mantense que a

soberanía pertence exclusivamente ao Estado Central, representativo dunha soa nación e dun só pobo, o español. A soberanía exprésase a través das Cortes Xerais. O seu instrumento executivo é o Goberno de España. Os matices proveñen da aceptación do carácter político das ins

Para o BNG é a vontade política libre, derivada da soberanía, mesmo se é compartida e, por tanto, en pé de igualdade, a que posibilita un auténtico autogoberno, expresión dunha nación que ten dereitos. Por iso é tan importante o recoñecemento de existiren varias nacións no Estado español. Deste recoñecemento, mesmo que inicialmente sexa só simbólico, acabarán por se derivar dereitos políticos inviolábeis e incuestionábeis.

Parece evidente tamén que o avance na consciencia lingüística, e a consecución dun status xurídico realmente oficial do idioma propio da nación galega, no mesmo plano que o establecido para o castelán na Constitución española, representa un paso de suma importancia para a definición dun espazo de libre decisión, para a toma de consciencia colectiva e para reforzar a vontade de autogoberno, alén de significar o respecto por un dereito humano elemental, hoxe flagrantemente violado, especialmente na Galiza.

Dar a batalla en todas as fronteiras, por máis que uns sexan máis resistentes e dificultosos do que outros, servirá para gañar posicións, para lograr avances cuantitativos que, por acumulación, acabarán por forzar cambios cualitativos, incluídos os cambios constitucionais necesarios. O Estado autonómico ten unha fonda contradición: a aspiración a que o autogoberno das nacións sexa un autogoberno pleno, fundamentado na vontade política do pobo respectivo.

Os que falan da “unidade de España” como consigna ameazante e restrictiva para manter o statu quo, non só están confrontados coa aspiración lexítima do nacionalismo galego de lograr unha unidade con igualdade, isto é, a soberanía compartida, e a dos outros nacionalismos do Estado, senón tamén coa defensa práctica dos dereitos e as liberdades democráticas, individuais e colectivas. Pode comprobarse así nos seus posicionamentos políticos.

No Estado español coexisten dúas concepcións da unidade confrontadas.

Unha delas ten dúas variantes: a da España mítica, irracional, ameazante, un ente metafísico anterior a todo o creado e a da España plural, máis dialogante, con pretensións integradoras e formas democráticas, se ben contraria a cambios cualitativos. A outra, a que está por conseguir un Estado plurinacional, isto é, a conformación democrática, respectuosa coa diversidade nacional, cultural e lingüística, e cos dereitos e liberdades individuais, das institucións, o que leva consigo tamén modelos económico-sociais máis favorábeis ás maiorías.

Para a acción política, en condicións minimamente democráticas, e para avances cuantitativos, non cabe dúbida que é mellor un contexto en que o debate e o diálogo sexan posíbeis, como demostra a historia recente do Estado español. O BNG ten que estar á altura das circunstancias. Non lle son indiferentes os matices. Non se autoengana sobre o alcance das posibilidades. O BNG non está por desaproveitar as ocasións que favorezan o avance da consciencia nacional galega.

A alianza Galeuscat é concibida polo BNG como unha alianza estratéxica dos nacionalismos galego, vasco e catalán para acadar a transformación do Estado español nun Estado plurinacional. Galeuscat ten que ser o polo de referencia dos que apostan por outro modelo de Estado, distinto da España uniforme do PP e da España plural do PSOE.

Propostas de Teses:

1. Para o nacionalismo galego é moi importante o recoñecemento de existiren varias nacións no Estado español. Deste recoñecemento acabarán por se derivar dereitos políticos inviolábeis e incuestionábeis. É evidente tamén que o avance na consciencia lingüística, e a consecución dun status xurídico realmente oficial do idioma propio da nación negada, no mesmo plano que o establecido para o castelán na Constitución española, representa un paso de suma importancia para a definición dun espazo de libre decisión, para a toma de consciencia colectiva e para reforzar a vontade de autogoberno, alén de significar o respecto por un dereito humano elemental, hoxe flagrantemente violado, especialmente na Galiza.

2. No Estado español coexisten dúas concepcións da unidade confrontadas. Unha delas ten dúas variantes: a da España mítica, irra-



cional, ameazante, un ente metafísico anterior a todo o creado e a da España plural, máis dialogante con pretensións integradoras e formas democráticas, se ben contraria a cambios cualitativos. A outra, a que está por conseguir, un Estado plurinacional, isto é, a conformación democrática, respectuosa coa diversidade nacional, cultural e lingüística, e cos dereitos e liberdades individuais, das institucións, o que leva consigo tamén modelos económico-sociais máis favorábeis ás maiorías.

3. O BNG propugna que a liberdade de decisión de Galiza, en exercicio efectivo do dereito á autodeterminación, se exerza nun sentido determinado: no de construír un Estado baseado na libre relación de nacións politicamente soberanas.

4. A alianza Galeuscat é concibida polo BNG como unha alianza estratéxica das forzas políticas nacionalistas de Galiza, Euskadi e Cataluña para acadar a transformación do Estado español nun Estado que reconeña a súa plurinacionalidade e ampare os dereitos colectivos que diso se derivaren. Galeuscat ten que ser o polo de referencia dos que apostan por outro modelo de Estado, distinto da España uniforme do PP e da España plural do PSOE.

1.3.3. A aposta por un modelo económico e social ao servizo das maiorías

A transposición acrítica por parte do Estado e de anteriores gobernos galegos das directrices e decisións emanadas da Unión Europea, dos desenhos neoliberais, ao tempo que recortou as capacidades de desenvolvemento das potencialidades económicas e produtivas do noso país, produciu un retroceso nos dereitos laborais e sociais (aproveitando a ameaza da deslocalización e da reestruturación), até o punto de que na Galiza o chamado Estado do benestar estaba nun claro proceso de deterioración cando aínda non se consolidara. A privatización dos servizos sociais básicos como o ensino e a sanidade, so o pretexto da liberdade de elección, e a desaparición do Estado na súa función planificadora e reguladora, deixando todo ao azar do mercado son hoxe feitos constatábeis.

O papel asignado a Galiza dentro da política económica da UE continúa

a se limitar, no substancial, ao de consumidores/as de produtos foráneos e de fornecedora da man de obra e de materia prima barata e ocasionou que no noso país padezamos taxas de desemprego, de temporalidade e precariedade máis elevadas que nos países do noso contorno, e pensión e salarios moito por debaixo da media. A mocidade e as mulleres son vítimas especialmente vulnerábeis destes fenómenos.

O BNG sempre defendeu que o exercicio do dereito de Galiza á libre determinación se realice, no que atinxe á súa organización interna, no sentido de establecer unha sociedade máis igualitaria e xusta e de lograr un desenvolvemento económico autocentrado e sustentábel. Neste sentido, o novo Estatuto constitúe unha oportunidade para avanzarmos na definición do modelo de sociedade que entre todos e todas queremos construír para a Galiza do futuro.

Propostas de Teses:

1. O BNG defende que o exercicio do dereito de Galiza á autodeterminación se realice, no que atinxe á súa organización interna, no sentido de establecer unha sociedade máis igualitaria e xusta e de lograr un desenvolvemento económico autocentrado e sustentábel.

2. O novo Estatuto constitúe unha oportunidade para avanzarmos na definición do modelo de sociedade que entre todos e todas queremos construír para a Galiza do futuro. No marco do debate estatutario o BNG defenderá:

- a) Unha política económica e social orientada a lograr a corrección das desigualdades sociais e territoriais da nosa nación.**
- b) A eliminación de calquera caste de discriminación entre homes e mulleres, propiciando a plena incorporación das mulleres en todos os ámbitos da vida social, política e cultural, mostra real dunha sociedade democrática.**
- c) A garantía por parte dos poderes públicos do dereito a gozar duns niveis básicos de benestar, e o dereito á saúde e á educación mediante a prestación con carácter público, gratuíto e universal de servizos de calidade.**
- d) O dereito de todas as galegas e galegos, sen ningunha caste de discriminación, a teren un traballo digno na Galiza, en condicións de**

estabilidade no emprego e de seguranza.

- e) Unha política de ordenación do territorio que garanta un urbanismo sustentábel, respectuoso co medio ambiente, co noso patrimonio cultural e coa racionalidade na morfoloxía e tipoloxía dos asentamentos poboacionais, que asegure as condicións necesarias para un desenvolvemento económico e social autocentradados e que posibilite o exercicio efectivo do dereito básico a unha vivenda digna.
- f) O recoñecemento da propiedade comunal e a súa defensa como forma de propiedade singular vinculada ao mantemento e desenvolvemento da riqueza forestal, ambiental e agrogandeira do monte. Igualmente, recoñecerase a protección e o impulso da economía social e do cooperativismo, nomeadamente no sector agrogandeiro, como elemento de creación de emprego e de mellora das condicións de traballo e das rendas das traballadoras e traballadores do agro e a súa contribución á fixación de poboación no medio rural.
- g) A iniciativa pública exercerase en igualdade de condicións que a economía privada, para asegurar o control público de actividades e sectores estratéxicos, a prestación universal dos servizos públicos básicos e a realización de accións innovadoras de interese xeral e pódense empregar, para tal fin, os recursos das institucións públicas de crédito.
- h) A participación directa do Goberno Galego ante as instancias comunitarias e foros internacionais en que se adopten decisións que entren dentro do ámbito competencial galego. A aplicación directa das políticas comunitarias que afecten ao marco competencial galego sen intermediación normativa ou executiva do poder central.
- i) O recoñecemento á cidadanía galega actual e ás xeracións futuras do dereito a gozaren dun contorno natural saudábel, da seguranza alimentaria e da calidade de vida que disto se derivar.
- k) O dereito da cidadanía galega a vivir nunha sociedade onde se garanta a nosa autonomía e liberdade de acción e decisión sobre a nosa vida, sexualidade e identidade.

1.4. O PROCESO GALEGO NO CONTEXTO INTERNACIONAL

1.4.1. Evolución dos procesos de autodeterminación e política de alianzas

O contexto internacional está hoxe máis que nunca marcado pola contradición entre as aspiracións dos pobos a seren libres e exercerem a súa decisión política con soberanía e os deseños imperialistas, especialmente aplicados polos Estados Unidos. A contradición nacionalismo, coas súas diversas variantes, versus Estados imperialistas, nomeadamente os EUA, cobra relevo fundamental. Por esta razón, os procesos de autodeterminación nacional son a chave para a mudanza das condicións internacionais de dominio dunha gran potencia e os seus aliados. Estes procesos de autodeterminación maniféstanse da seguinte maneira: 1. Estados de países do “Terceiro Mundo” que se están a facer realmente independentes, pasando de seren protectorados dos EUA e doutras potencias a contaren con gobernos de importante base popular, non alienados, e de políticas prácticas antiimperialistas (control nacional dos recursos propios, relacións autónomas con outros países en mutuo beneficio, representatividade democrática e integración popular..., integración de sectores étnicos até entón marxidados). 2. Os movementos de liberación nacional dos distintos continentes que fan aboiar novos Estados ou reestruturan e/ou queren democratizar o poder estatal baseándoo no seu pluralismo nacional (os movementos indixenistas de Latinoamérica, os movementos nacionalistas da Europa Occidental, entre outros).

Neste contexto, a oposición aos deseños dos EUA ten a ver, ante todo, coa defensa do dereito dos pobos á soberanía, a unhas relacións internacionais baseadas na legalidade e no dereito, ao intercambio en beneficio de todos, ao pacifismo. É a oposición á guerra imperialista e á aplicación duns deseños de control do mundo a través da ocupación de zonas de grande importancia xeoestratéxica e enerxética (o caso de Oriente Medio). Precisamente, a incapacidade política da Unión Europea e a súa subordinación ás estratexias dos EUA impide que haxa un deseño de política internacional autónomo, como sería de desexar, que dea sentido á presenza internacional da UE. O nacionalismo galego, nestas circunstancias, ten os seus aliados obxectivos en todos aqueles que defendan os valores democráticos, os dereitos dos pobos, a legalidade internacional, unha ONU democratizada e a oposición a toda a guerra, sexa ou non preventiva, para controlar o mundo, intimidar os pobos e establecer o reino da alegalidade e a tiranía encuberta. O nacionalismo galego rexeita firmemente o pretexto falaz das liberdades democráticas e dos dereitos humanos para xustificar atrocidades como a guerra e a ocupación do Iraq, a

guerra e a ocupación de Afganistán, ou os ataques de Israel contra o Líbano e Palestina. Só desde a máis firme oposición a este deseño imperialista do mundo poden ter futuro os procesos de autodeterminación nacional de todo o mundo.

En particular, o nacionalismo galego concédelle prioridade na súa política de alianzas a reforzar os lazos cos movementos a prol da autodeterminación nacional e o recoñecemento dos dereitos dos pobos. No Estado Español darémoslle prioridade a reforzar Galeuscat como polo político a prol do recoñecemento dun Estado plurinacional. Será obxecto de atención prioritaria o reforzamento das relacións cos países cos que temos fortes lazos históricos, culturais e lingüísticos, como Portugal e Brasil. Así mesmo intensificaremos lazos cos movementos nacionalistas de Europa Occidental e os movementos de liberación e de defensa dos dereitos dos pobos no resto do mundo.

Propostas de Teses:

- 1. O nacionalismo galego, nas actuais circunstancias internacionais, ten os seus aliados obxectivos en todos aqueles que defendan os valores democráticos, os dereitos dos pobos, a legalidade internacional, unha ONU democratizada e a oposición a toda a guerra. En particular, o nacionalismo galego concédelle prioridade na súa política de alianzas a reforzar os lazos cos movementos a prol da autodeterminación nacional e o recoñecemento dos dereitos do pobo existentes no Estado, en Europa e no Mundo.**
- 2. Conforme a este criterio, o BNG articula a súa política de alianzas completada con acordos tácticos cos partidos de ámbito estatal que manteñen posicións inequivocamente democráticas, respectuosas co pluralismo e favorábeis ao diálogo co nacionalismo.**
- 3. Así mesmo, para o BNG será obxecto de atención prioritaria o reforzamento das relacións cos países cos que temos lazos históricos, culturais e lingüísticos, como Portugal e Brasil.**

2. O NACIONALISMO NO GOBERNO

2.1. O GOBERNO GALEGO: A DEFENSA DOS INTERESES DE GALIZA E A APLICACIÓN DE ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, SOCIAL, CULTURAL E POLÍTICO DE GALIZA

2.1.1. Obxectivos políticos prioritarios da acción de goberno

A chegada do BNG á Xunta de Galiza após as eleccións do ano 2005 constitúe un fito de gran relevancia na nosa historia colectiva. É a primeira vez que o nacionalismo galego ten capacidade directa para incidir na marcha do país. **É xusto recoñecermos que isto foi posíbel grazas ao grande esforzo realizado por toda a organización, nun contexto adverso e en desigualdade de condicións.**

Analizamos a necesidade de existir na Galiza un Goberno nacionalista para modificar o papel político e económico que veu cumprindo a nosa nación, e ter maior capacidade de enfrontar as políticas encamiñadas a minar a nosa capacidade produtiva ou a destrución dos nosos sinais de identidade como pobo diferenciado. Concibimos sempre a nosa presenza no Goberno da Xunta como unha ferramenta ao servizo dun proxecto político colectivo, como un instrumento para o desenvolvemento das potencialidades que ten Galiza e para o impulso de modelos socioeconómicos a prol das maiorías sociais. **Mais temos que ser conscientes de que estar no Goberno non é plenamente sinónimo de ter o poder, dado que por unha banda o marco político actual ten enormes limitacións de tipo competencial e por outra existen poderes que actúan na sociedade, que son un contrapeso significativo e con capacidade real de influír. Non ter isto presente levará consigo frustracións e hipercrítico, o que na práctica debilitará a posta en marcha da nosa alternativa programática.**

O contexto en que se produce a nosa participación no Goberno da Xunta non está exento de dificultades e limitacións de que temos que ser conscientes, coa finalidade de evitarmos a creación de expectativas que non se sustenten na realidade. Entre estas, teñen relevancia: o retroceso electoral que supuxo a perda de peso na composición do Parlamento galego

e a concreción de segunda forza na configuración do Goberno; un marco xurídico político limitado -que aspiramos a modificar-, que condiciona en gran medida a capacidade real para determinar en exclusiva as políticas que deben ser executadas desde Galiza; a nosa chegada ao executivo prodúcese nun goberno de coalición; e dezaseis anos de aplicación dunha determinada práctica política e administrativa xeran inercias e rutinas que requiren tempo para seren modificadas.

Mais a presenza do BNG no Goberno abre novas posibilidades para actuar e transformar aspectos significativos da realidade galega, e sentar as bases para cambios estruturais, no terreo da capacidade produtiva, da industrialización, dos servizos sociais, das condicións de vida e de traballo, ou na base lingüística e cultural do país. Despois dun ano de Goberno, estamos en moi boas condicións para facermos unha reflexión sobre a situación, analizar ben as dificultades, verificarmos os aspectos positivos do camiño andado para aceleralos e impulsalos, e identificarmos os aspectos que deben ser modificados no futuro para optimizar a nosa presenza no Goberno para desenvolver todas as potencialidades que deben ser executadas no resto da lexislatura.

A actuación do nacionalismo no Goberno está a ser en termos globais positiva, destacando o impulso a cambios estruturais en ámbitos relevantes. Mais hai aspectos da nosa actuación que precisan un impulso de cara a unha maior eficacia na verificación dos proxectos, na súa materialización e na transmisión social que se fai destes.

As/os nacionalistas concibimos a nosa presenza nas institucións como unha potente panca para fortalecer o proxecto político colectivo como nación, aspiramos a que sirva para mellorar as condicións obxectivas do pobo galego, e introducir cambios substantivos na base material do país. É así onde cobra todo o sentido a acción de goberno que supera unha instalación pasiva e rutineira nas institucións como un fin en si propias, para poñelas ao servizo dun proxecto colectivo.

Un dos riscos que confrontamos -tal e como demostra a experiencia dos diferentes gobernos de coalición- é a situación que debemos confrontar entre manter un perfil político propio e a necesidade de dotar de coherencia á acción de goberno. Dito doutro xeito, a necesidade de achar o equi-

librio entre desenvolver un programa de goberno pactado de xeito eficiente e o feito de que as forzas que conformamos este temos ámbitos de competencia electoral e ideolóxica. Non existen receitas máxicas para resolvermos esta cuestión, agora ben, algunhas liñas que nos permitan resolver isto pasan por unha interlocución directa coa sociedade, partindo do que a xente considera como os seus problemas máis sentidos. Cómpre un diálogo directo, de ti a ti, entre o pobo e a rama gobernativa do BNG.

Teses e propostas de Resolución.

1. A acción do BNG no Goberno debe perseguir os seguintes obxectivos de carácter xeral:

- **Garantir o cumprimento do acordo sobre bases programáticas para un goberno conxunto subscrito co PSdeG- PSOE.**
- **Actuar con pedagogía política de cara á sociedade, demostrando a viabilidade de Galiza por si propia. Sermos capaces de singularizar ao final da lexislatura e en cada ámbito de goberno, logros que evidencien a capacidade que existe na nosa base material e social para desenvolver un proxecto propio e viábel.**
- **Mellorar as condicións de vida dos galegos e galegas, reforzando a idea de que o autogoberno é un elemento substancial no benestar das maiorías sociais do noso pobo.**
- **Poñer en evidencia as posibilidades que abriría a superación do réxime autonómico vixente, así como as consecuencias positivas que se derivarían dun cambio do papel de Galiza no Estado e dunha presenza directa do Goberno galego no seo das institucións europeas.**
- **Revitalizar a vida democrática e rexenerar as institucións, incrementando a eficacia, a transparencia e o control democrático dos poderes públicos, fronte ao clientelismo e a patrimonialización das institucións que caracterizou o período anterior.**
- **Tender progresivamente cara á achega do 0'7% do noso PIB para**

os pobos máis empobrecidos cumprindo o mandato da ONU.

- Levar adiante unha xestión eficaz nas nosas áreas de goberno, reforzando a idea da capacidade do nacionalismo para gobernar. Xestionar eficientemente o día a día ten un valor ideolóxico nunha nación que precisa reforzar a súa autoestima e darlle carta de normalidade a presenza do nacionalismo nas institucións executivas.
- Dar prioridade na acción de Goberno ás relacións coa sociedade galega e ser permeábeis as súas opinións, inquedanzas e críticas.
- Dedicarlle esforzos a realizar e divulgar as iniciativas que sirvan para evidenciar ao final da lexislatura a nosa acción de goberno cun balance de transformación social do país, como útil para Galiza e como consolidación de logros irreversíbeis nalgúns aspectos estruturais e relacionados cos nosos sinais de identidade.
- Traballar a prol da consecución do cambio de fuso horario para Galiza, asumindo así o noso horario natural.

2. No referente ás áreas de Goberno en que o BNG ten a responsabilidade directa, en congruencia coas liñas recollidas no noso programa de goberno, son obxectivos prioritarios os seguintes:

- Impulsar de maneira decidida a aplicación das medidas contidas no Plan xeral de normalización da lingua galega, e para alén deste plano en todo o referente á normalización do galego como lingua nacional de Galiza, nas diferentes áreas en que temos responsabilidade, e tamén na política xeral do Goberno. Así mesmo, é indispensable logramos unha mudanza de usos lingüísticos por parte da Administración e vincular o emprego do galego a un sinal de calidade e de respecto pola cidadanía e a sociedade á que a Administración presta servizo.
- Incidir na política lingüística que se desenvolve desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística na procura dunha orientación participativa e que foque a perspectiva en programas de dinamización e de ampliación real de usos do idioma.



- Promover unha reforma legislativa a respecto do papel dos medios de comunicación de titularidade pública, de xeito que se garanta a funcionalidade de servizo público, o respecto polo pluralismo político, a elección do seu director polo Parlamento Galego, e a efectividade duns principios de programación en que se avance no papel dos medios de titularidade pública no proceso de normalización lingüística e na elaboración de información e programación que teña a Galiza como centro referencial.
- Incrementar de maneira substancial o grao de coñecemento e de divulgación da cultura, a historia e o patrimonio, así como afondar na recuperación da memoria histórica de Galiza.
- Explotar ao máximo o autogoberno, ampliando o marco competencial galego, legislando sobre as materias de desenvolvemento estatutario e exercendo con plenitude as competencias exclusivas.
- Aplicar en todas as áreas de goberno o principio de transversalidade de xénero e programar actuacións específicas que teñan en conta a subordinación social e económica das mulleres, e establecendo medidas que garantan a igualdade entre os dous xéneros.
- Estender o programa de Galescolas -educación infantil de 0 a 3 anos- ao conxunto do territorio nacional.
- Acometer unha política que aposte por fixar poboación no campo e pola incorporación de mozas e mozos ao medio rural, promovendo cambios normativos que amplíen a superficie agraria e a capacidade produtiva do noso país. Diseñar, aplicar e acelerar novas políticas que impliquen un aproveitamento multifuncional do monte que permita optimizar o seu rendemento económico, protexer o seu valor patrimonial e ambiental e atallar os incendios forestais. Recuperar e potenciar os nosos produtos agroalimentarios tradicionais, razas e variedades autóctonas e apoiar desde o goberno a creación dun mercado para este tipo de produtos, baseado na calidade e na seguranza agroalimentaria, liderado polo/as produtores/as do noso país e participado polas cooperativas de consumidores galegas.
- Promover unha política de industrialización do país, en que se

pechen os ciclos produtivos e se contribúa á creación de emprego de calidade. Fomentarase a internalización dos seus centros de decisión.

- Potenciar a implantación das tecnoloxías limpas, que contribúan a crear unha industria ecoeficiente e menos contaminante, e daqueles sectores produtivos de alto valor engadido xeradores de emprego de elevada cualificación profesional, de acordo coas actuais tendencias da economía mundial. Prestarase especial atención á implantación de industrias e proxectos culturais vinculados á sociedade do coñecemento e ao desenvolvemento do software libre.
- Desenvolver un novo marco normativo en materia de política enerxética, que implique que os beneficios desta actividade revertan no noso país e planificar unha atención aos problemas de abastecemento existentes na actualidade. Daránselle prioridade ás enerxías renovábeis e fomentarase a redución do consumo a través do aforro e a eficiencia enerxética.
- Levar adiante unha política de vivenda en que prime a promoción pública, facilitando o acceso das persoas con menos recursos económicos e dos sectores sociais con maiores dificultades, como é o caso da mocidade.
- Mellorar dunha maneira significativa a prestación de servizos sociais, implementando políticas de apoio á autonomía persoal e loita contra a dependencia, ampliando o número de prazas públicas en residencias, centros de día e centros especializados, atendendo a un equilibrio territorial na súa distribución xeográfica e prestando especial atención á calidade asistencial, espallando o Consorcio Galego para os Servizos de Igualdade e Benestar a todo o país.
- Desenvolver unha política cultural, que aposte por dimensionar as manifestacións culturais do noso país, polo achegamento e espallamento entre os galegos e galegas, así como pola súa proxección internacional. Prestarase especial atención á cooperación e intercambio cultural cos países de fala galego-portuguesa.
- Apostar pola vertebración do sector comercial do noso país, crean-

do un marco normativo que aposte pola defensa e modernización do pequeno comercio, polo equilibrio territorial e a estruturación comercial.

- Impulsar unha política turística que aposte por un modelo de turismo sustentábel, baseado na diversificación da oferta, na súa complementariedade con outras actividades económicas e na posta en valor do noso patrimonio artístico, monumental, paisaxístico e cultural.**
- Aplicar nas distintas áreas de goberno políticas de sustentabilidade orientadas á conservación e ao equilibrio do patrimonio natural galego, así como á concienciación de todos e todas na necesidade de defender este patrimonio.**
- Implantar un modelo de relación Galiza-Estado baseado na cooperación intelixente, caracterizado na firmeza e na esixencia na reivindicación e o sentido construtivo para chegar a acordos, entendendo sempre a relación como unha relación entre iguais e de goberno a goberno.**

2.1.2. A formación dunha conciencia nacional galega

Nos vinte e cinco anos de existencia de institucións de autogoberno non existiu unha actitude positiva cara á afirmación dos sinais de identidade da nosa nación. A política foi a contraria, instalando na sociedade galega a idea de falta de capacidade, de sermos un país subvencionado que por si propio non pode subsistir. Ao tempo que houbo unha actitude tendente á desvalorización dos nosos sinais de identidade, nomeadamente a nosa lingua, que sufriu neste período un proceso acelerado de perda de falantes que poñen en cuestión as denominadas políticas de “normalización lingüística”.

Tampouco existiu unha actitude tendente a pór en valor e dignificar a existencia de institucións de autogoberno, desvalorizando o seu papel, ao funcionaren como secundarizadas do poder do Estado e cunha actitude subalterna. O caso máis salientábel é o do Parlamento de Galiza.

Con todo, continúa a existir unha maioría de galegos que se identifican en primeiro termo con Galiza. Unha evidencia do potencial nacionalista que existe entre o noso pobo, mais que precisa ser estimulado e transformado en conciencia activa, para esa conciencia se traducir nunha identificación política co nacionalismo como opción estratéxica para o futuro de Galiza.

Teses e Propostas de Resolución.

- 1. Existe entre o pobo galego unha conciencia nacional máis ampla da que se expresa electoralmente nas urnas.**
- 2. A actuación do nacionalismo no Goberno debe estimular un crecemento da conciencia nacional e elevar a autoestima do pobo galego. Neste labor, as actuacións conducentes á normalización da nosa lingua, á potenciación das nosas manifestacións culturais e ao coñecemento da nosa historia e medio natural teñen unha importancia relevante.**
- 3. Nestas tarefas, debemos deseñar actuacións concretas e singularizadas coa finalidade de conectar coa mocidade.**
- 4. Cómpre promover unha maior difusión do papel do Parlamento Galego e situalo no centro da vida política. Isto implica sistematizar a presenza do Goberno neste e dinamizar a vida parlamentar coa presentación de iniciativas relevantes, o traslado público destas e, no seu caso, a súa transmisión aos sectores sociais implicados.**

2.1.3. O impulso á estruturación social

O feito de ter ocupado durante tantos anos as institucións galegas o Partido Popular, provoca que existan moitas dinámicas sociais e económicas, do punto de vista da relación co poder político, que están fortemente viciadas e deben ser modificadas. O cambio neste tipo de relacións provoca tensións e constitúe unha dificultade á hora de acometer e impulsar un proceso de transformación destas tendencias, que van desde o control social até a subordinación do poder político a determinadas presións de poderes económicos que actúan na Galiza.

Un dos obxectivos que debe ir parello á nosa acción de goberno debe ser a modificación e democratización das relacións entre o poder político e a sociedade, nomeadamente entre aquelas entidades que estiveron excluídas dunha relación normalizada coa Xunta de Galiza. Neste sentido, as entidades e asociacións que se moven no ámbito do nacionalismo, deben ter a oportunidade de seren vistos como interlocutores válidos.

Mais tamén debemos traballar nunha dirección que permita suplir carencias canto á estruturación social de sectores que están moi atomizados. Nestes ámbitos promoverase a organización destes sectores, por constituíren un elemento positivo de cara ao presente e ao futuro.

Teses e Propostas de Resolución.

1. O BNG no goberno levará adiante unha democratización das relacións entre o poder político e a sociedade, nomeadamente entre aquelas entidades que estiveron excluídas dunha relación normalizada coa Xunta de Galiza.

2. A acción do BNG no Goberno ten que contribuír a un fortalecemento do conxunto do movemento nacionalista, de xeito que cada vez máis sectores do pobo se organicen e se incorporen á actividade política ou social con conciencia de país.

3. Promover en todos os sectores sociais a súa estruturación a través do apoio á creación de asociacións e entidades que sexan representativas dos seus intereses.

2.2. UNHA FORZA POLÍTICA DE GOBERNO: O PAPEL DO BNG

2.2.1 A relación BNG-goberno

A chegada do BNG á Xunta de Galiza ten transcendencia do punto de vista organizativo, dado que temos que adecuar a nosa práctica política e orgánica a unha situación de goberno, onde unha parte importante dos cadros políticos están a desenvolver cargos gobernamentais. Para sermos capaces de aproveitar todas as potencialidades que a nova situación política ofrece, é necesaria unha coordinación axeitada entre a acción do nacionalismo no Goberno e a actividade da organización do BNG.



A relevancia e a importancia social que ten a presenza do nacionalismo galego na Xunta debe levarnos a aproveitar todos os mecanismos posibles para que sirva para dar un salto cualitativo na conciencia colectiva nacional. A significación política da nosa chegada ao Goberno e a avaliación que no día a día e ao final da lexislatura se faga desta teñen unha relevancia histórica tanto para o futuro do nacionalismo como para sermos capaces de poñer en común todos os elementos e as complicidades entre a parte do Goberno do BNG e a organización, para producir un resultado satisfactorio. Debemos ter claro que o instrumento máis potente que temos para defender a nosa acción de goberno é a nosa base social, daquela é preciso establecer todos os mecanismos que aseguren todas as complicidades entre goberno e organización.

Debe ficar claro que é normal que exista autonomía na xestión do día a día, pois doutro xeito tornaríase inviábel a acción do Goberno, mais este principio non entra en contradición coa avaliación e o contraste nos órganos de dirección das liñas prioritarias de actuación do nacionalismo no executivo galego.

Os organismos de dirección nacional da fronte deben ser órganos de interlocución no conxuntural ao máis alto nivel e operar como equipo que reflexione máis alá do cotián, que pense nas grandes liñas de traballo, e que cada certo tempo faga unha avaliación da marcha do Goberno, para poder impulsar e contribuír a optimizar os aspectos positivos e ser quen de corrixir a tempo o rumbo, ou dar resposta a novas situacións que esixiren algunha corrección.

Nesta nova etapa debemos ter presente que, para alén da acción que o BNG desenvolve a través da nosa presenza no Goberno é importante termos presenza pública e actuación como organización. En primeiro lugar, porque un Goberno de coalición ten limitacións para que se perciban socialmente os perfís políticos de cada quen, sobre todo no contexto actual. En segundo lugar, porque a organización debe ter unha presenza pública importante e ter unha clara posición sobre todos os temas que teñan relevancia política e social. É importante que a sociedade galega sexa consciente de cales son as posicións que mantén o BNG de cara a conseguirmos incidir no estado de opinión e gañar simpatías. As posicións do BNG, fixadas a través dos seus órganos de dirección, e expresadas publicamente polos portavoces orgánicos autorizados para iso, con-

forme á lexitimidade que a súa representatividade interna lles confire, é un mecanismo politicamente necesario para perfilar e completar o BNG como un proxecto colectivo diante da sociedade.

Teses e Propostas de Resolución

1. A relevancia social e histórica que ten a presenza do nacionalismo na acción de goberno debe motivar e establecer todos os mecanismos e complicidades posibles para ser percibida de xeito positivo pola sociedade galega.

2. Os eixes básicos e a orientación política da actuación á fronte do Goberno Galego deben ser debatidas e avaliadas polos órganos de dirección do BNG (Consello Nacional e Executiva). En consonancia coas atribucións de cada un destes organismos, o seguimento máis diario dos temas que afecten ao desenvolvemento da acción do Goberno corresponde á Executiva Nacional. Periodicamente (e como mínimo dúas veces ao ano) a acción de goberno debe ser obxecto de análise, debate e, no seu caso, toma de decisións, polo Consello Nacional.

3. O BNG debe emitir de maneira constante a súa opinión sobre os temas de interese e actualidade política. Esta será trasladada por cargos orgánicos autorizados para tal fin.

4. Os consellos comarcais e asembleas comarcais, deben recibir periodicamente información sobre a acción de goberno, coa finalidade de posibilitar a participación efectiva da militancia no debate político e estar en mellor disposición para o seu espallamento e defensa social. En asuntos referidos ao seu ámbito territorial propiciárase unha comunicación directa que facilite unha acción política coordinada.

2.2.2. Os cargos gubernativos e o BNG

No BNG concibimos a acción de goberno como un dos ámbitos do traballo político que forma parte dun proxecto colectivo. Daquela, entendemos que o exercicio dos cargos públicos é unha expresión dese proxecto orga-

nizativo. Son, pois, a representación da organización no posto que ocupan e no exercicio das súas funcións e deben actuar conforme ao programa e decisións que adopten os organismos do BNG, e en concordancia, cos intereses sociais que defende a nosa alternativa.

A relación estreita entre as persoas con responsabilidade de goberno e a organización nos distintos ámbitos ten que ser o mecanismo acaído que produza un fluxo de información en ambas as direccións útil para a o BNG no seu conxunto. Será o vehículo para as persoas que estean en cargos gubernativos coñeceren e participaren nas decisións que a organización quere canalizar como accións de goberno e, xa que logo, estean en disposición de as poder verificar. Será o instrumento necesario para desde o Goberno transmitir ás organizacións as accións que se están a desenvolver e para poder participar nestas e defendelas socialmente. E tamén ten que ser o mecanismo de relación que permita transmitir á organización todos os coñecementos e formación que da propia práctica de goberno e acción institucional se deriven, para que esa experiencia sirva para fortalecer cara ao futuro o papel do BNG como forza de goberno.

Propostas de Resolución

Principios xenéricos para os cargos do BNG no Goberno.

- 1. Dentro do principio xenérico de servizo aos intereses do pobo galego, os cargos da Xunta sono en representación da organización e, xa que logo, deberanse a ela e ao seu programa.**
- 2. O uso do noso idioma ha de ser obrigado en calquera dos cargos ou designacións de ámbito político aínda que teñan un perfil técnico, e estes terán que cumprir o definido nos nosos principios políticos. Coidaranse tamén os aspectos simbólicos e exemplarizantes, como o uso correcto do galego e a galeguización dos nomes e apelidos.**
- 3. Calquera cargo que sexa asimilábel a unha designación de ámbito político, aínda que teña tamén un perfil técnico e que, por tanto, será percibido pola sociedade como representante da organización no nivel que sexa, deberá levar consigo que entre os criterios de escollo deberá terse en conta que poida inscribirse nun traballo que non con-**

tradiga o programa da organización pola que se elixe, cobrando especial interese o uso do noso idioma.

4. Para optimizar a nosa presenza no Goberno, para que exista unha sintonía plena entre Goberno e organización e, sobre todo, para asegurar que o acceso a distintas responsabilidades de goberno non produza disfuncións na organización faise necesario unha interlocución e participación directa da organización, previa a designación dos cargos dos distintos niveis do Goberno. Na designación de conselleiros e conselleiras a proposta, que lle corresponderá formular ao Portavoz Nacional, será sometida á aprobación da Executiva dándolle traslado ao Consello Nacional. Nos restantes cargos de primeiro nivel político de dirección, incluídas as delegacións, a proposta corresponderá ao cargo que legalmente teña atribuída a competencia en coordinación co Portavoz, e contrastarase, tamén, na Executiva dándolle traslado ao Consello Nacional. Neste caso, e para evitar disfuncións no ámbito comarcal, recollerase previamente a opinión dos consellos comarcais. Procurarase a paridade de xénero en todos e cada un dos chanzos de nomeamentos.

2.2.3. A intervención social do BNG

Unha forza política nacionalista e, xa que logo, substancialmente transformadora, debe ser consciente de que para manter o seu ideario e a súa vocación de mudar a situación estrutural de Galiza, o seu sustento é a base organizada e social que lle dá amparo. Unha forza de goberno ten necesariamente que ter un corpo social que comparta os seus postulados e os defenda. A experiencia demóstranos que se precisa de pobo organizado, politizado, que defenda a política da organización no Goberno, que impulse o avance do proceso e que sexa capaz de alertar sobre modificacións para corrixir os erros e as desviacións que xurdiren no camiño. Unha parte do atinado da nosa acción nesta etapa teremos que medila na capacidade que demostramos en atraer a nova militancia e agrandar o corpo de galegas e galegos que simpatizan co noso proxecto.

Cómpre pois, intensificar a introdución social do BNG en todos os ámbitos sociais, un proceso vital para consolidarmos e incrementarmos o noso peso político na sociedade e dar pasos decididos cara a un proceso de

hexemonía política do nacionalismo. Nesta tarefa debemos utilizar todos os resortes e posibilidades que nos fornece a nosa presenza no executivo, mais desde a consciencia de que o Goberno non é un substituto da organización, nin pode suplir as deficiencias e carencias que poidamos ter.

O BNG debe levar adiante unha actuación programada, intensa e constante de contacto directo coa sociedade galega na súa pluralidade. Nesta tarefa debemos marcar obxectivos concretos a nivel nacional, local e comarcal e propiciar unha actividade pública que favoreza esa interlocución. Debemos valorar as nosas iniciativas do Goberno, a fin de chegarmos a sectores directamente interesados nestas, para crear dinámicas de complicidade e achegamento, ao tempo que este traballo debe servir para ampliar a nosa base social e poderen ter maior acollemento as nosas posicións tácticas e estratéxicas.

Con todo, a actividade pública e social do BNG non pode limitarse á popularización e ao espallamento das nosas alternativas de goberno, senón que debemos incidir naqueles aspectos de carácter estratéxico e ideolóxico, trasladándoos de xeito pedagóxico e procurando achar na realidade do día a día aquelas cuestións que permitan ver os aspectos máis estruturais.

Teses e Propostas de Resolución

1. Unha forza de goberno ten necesariamente que ter un corpo social que comparta os seus postulados e que os defenda. A experiencia demostranos que é relevante o ter pobo organizado, politizado, que axude a facer avanzar o proceso e que sexa capaz de alertar para matizar os erros e as desviacións que xurdiren no camiño.

2. Nesta etapa política coidaremos especialmente e darémoslle prioridade á presenza pública do BNG e á interlocución directa cos diferentes sectores sociais organizados.

3. Intensificaremos a coordinación e o contacto coas entidades e asociacións dos distintos ámbitos que traballan desde o punto de vista da autorganización, procurando o seu afortalamiento e a complicidade coas nosas iniciativas.

4. Intensificaremos a relación coas organizacións feministas e asocia-

cións de mulleres, con especial atención ao ámbito rural, posibilitando así a interacción e identificación coa organización, no deseño e aplicación das políticas de igualdade.

5. A organización debe ser un elemento chave na divulgación da nosa alternativa de goberno.

3. AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS: NOVO RETO PARA O NACIONALISMO

3.1. OBXECTIVOS E ORIENTACIÓNS PROGRAMÁTICAS

3.1.1. Introducción

O proceso das eleccións municipais, para o BNG, debe constituír un novo elo no cambio galego e na rexeneración democrática do país, na perspectiva do avance do noso proceso de autodeterminación nacional. Cómpre que a sociedade perciba o BNG como única forza motriz, e determinante, da translación do cambio galego aos concellos. O BNG abordará este proceso nunha dupla perspectiva. Por unha banda, integrándoo no proceso de consecución dun Estatuto de Nación para Galiza; pola outra, conectando a nosa acción política no Goberno galego cos proxectos municipais que o BNG ofrecerá aos cidadáns, aproveitando a repercusión que as nosas áreas de responsabilidade na Xunta teñen no ámbito institucional municipal.

Cómpre, pois, aproveitarmos a posición favorábel de sermos forza de goberno en Galiza para rachar estereotipos e superar barreiras entre unha parte da sociedade e o BNG que limitaban até agora o noso crecemento organizativo. Debemos fixar como obxectivo penetrar noutros sectores sociais que, xunto cos nosos tradicionais apoios, nos permitan consolidar a tendencia alcista nos comicios locais.

3.1.2. Obxectivos. (Propostas de Resolución)

O BNG fíxase para os vindeiros comicios locais os seguintes obxectivos:

1. Presentación, e anovamento no seu caso, de candidaturas electorais, en todos os concellos do país, unhas candidaturas con representatividade social e con capacidade de atracción por parte das persoas que encarnan o proxecto político do BNG. Promoverase a participación feminina e o acceso das mulleres a cargos de responsabilidade e tenderase á paridade na composición das listas, tanto na escollo dos/as candidatos/as á alcaldía como no resto dos tramos.

2. Dar un salto electoral cuantitativo e cualitativo, para:

- a) Incrementar o número de alcaldías, con atención preferente ás vilas e cidaes.**
- b) Gobernar nas cidades, evitando a consolidación de maiorías absolutas do PP ou PSOE.**
- c) Participar nun maior número de gobernos.**
- d) Acadar unha introdución importante nos concellos pequenos do mundo rural.**
- e) Aumentar a nosa presenza nas deputacións, para sermos parte do goberno destas.**

3. Rachar a hexemonía do Partido Popular nas institucións locais, estendendo o cambio galego aos concellos, e así acadar un novo deseño do mapa do poder municipal en Galiza, que sirva para afianzar o nacionalismo na segunda parte da lexislatura na perspectiva das eleccións autonómicas de 2009.

3.1.3. Orientacións programáticas

O BNG debe ofertar á sociedade un modelo nacional de acción política municipal, que conxugue, nun horizonte de transformación da realidade a medio prazo, a solución aos problemas de xestión cotiá que a sociedade demanda, co avance do noso proxecto de emancipación nacional. Trátase, en fin, de crear unha “marca diferencial BNG” que visualice a nosa intervención nos concellos, ben desde o Goberno, ben desde a oposición.

Esta marca diferencial determinará as orientacións programáticas do noso proxecto político de transformación da realidade. As ideas forza que definen as orientacións programáticas son: conseguir un aumento no benestar económico e social do conxunto da sociedade, promover un maior grao de consciencia nacional e estimular a participación colectiva na vida política.

3.1.4. Orientacións programáticas (Propostas de Resolución):

A. Os concellos como instrumento na mellora da calidade de vida e na conquista da igualdade

O BNG entende que é hora de os concellos se afastaren dunha actividade municipal que xira de forma abusivamente maioritaria ao redor das infraestruturas. Sendo estas moi importantes, é necesario que as entidades locais se empeñen nos traballos de promoción económica e creación de emprego, nos programas de benestar social e no proxecto incluíbel de igualdade entre homes e mulleres.

E deben de o facer, ademais, traballando en rede entre eles e en cooperación co Goberno Galego, que pon nestes apartados a súa maior énfase. Consolidar desde os concellos o Consorcio Galego para Servizos de Igualdade e Benestar será obxectivo do BNG para este e para o próximo mandato municipal.

Mais non cabe benestar social sen desenvolvemento sustentábel, pois a procura da mellora do nivel de vida nun crecemento económico desligado da preocupación ambiental, sen desenvolvemento sustentábel, está condenada ao fracaso.

A implementación de políticas que aseguren a igualdade real entre homes e mulleres será tamén obxecto de atención preferente.

Así mesmo unha das nosas prioridades, en colaboración con Galiza Nova, será o impulso de políticas transversais e transformadoras para a mocidade.

B. Os concellos e a dinamización cultural



Os concellos do BNG pularán pola promoción e o avance dos sinais da nosa identidade como pobo e cooperarán co tecido asociativo cultural que traballa neste ámbito. Neste sentido será para nós motivo de especial atención a posta en valor do patrimonio arqueolóxico, etnográfico, histórico-artístico e calquera outra manifestación que desenvolva o noso potencial creativo.

C. Os concellos e a dinamización lingüística

A normalización da lingua propia, como principal sinal de identidade, seguirá a ser un obxectivo preferente do nacionalismo. No momento presente cómpre romper coa frecuente confusión entre a política lingüística e a cultural, pois a primeira ten un carácter transversal e, por afectar a todas as actividades da sociedade, debe estar presente en todas as áreas de goberno dun concello. Neste sentido, as tarefas máis inmediatas serán as de cumprir a Lei de uso do galego na Administración Local, rematar o proceso de galeguización da sinalética interna e externa e da documentación. Tamén deben aprobarse ordenanzas de normalización lingüística nos concellos onde aínda non se fixo. Canto á acción externa, deseñaranse accións de intervención social para a galeguización dirixidas á cidadanía.

D. Os concellos e a participación democrática

Desenvolver con eficacia unha política nacionalista esixe dotar a nosa acción municipal de amparo social. Cómpre crear canles de participación dos veciños e veciñas no debate e determinación dos asuntos públicos nos Concellos, de maneira que se sintan corresponsábeis das políticas que o nacionalismo implemente desde os Gobernos municipais. Isto é básico para garantir apoio popular á nosa xestión e é básico tamén para crear rede nacionalista en todos os concellos do país.

Con este método, o BNG pon en relación participación cidadá, autoorganización e impulso da conciencia nacional, nunha concepción de democracia situada nas antípodas da concepción dirixista que defenden os partidos estatais.

E. Os concellos e o compromiso cun urbanismo sustentábel e un territorio ordenado

A destrución do territorio é un dos problemas máis graves que ten hoxe en día Galiza. Á parte do seu impacto na calidade de vida e na perda de valores ambientais, destruír o territorio significa destruír un dos nosos máis prezados sinais de identidade, un dos elementos que nos singularizan e definen como nación. A esta destrución contribuíu un urbanismo salvaxe, especulativo e depredador, que acha na permisividade, cando non complicidade, de moitas corporacións locais o seu caldo de cultivo.

O freo á especulación e o compromiso cunha política urbanística sustentábel e ordenada será unha prioridade na acción municipal do BNG.

F. Os concellos como axentes dinamizadores dun novo modelo económico

O BNG aposta por converter os concellos en motores dun modelo de desenvolvemento local autónomo, autocentrado e sustentábel para garantir o benestar dos seus cidadáns e a fixación da poboación, especialmente nas áreas rurais.

3.2. OS CONCELLOS COMO INSTRUMENTO DO PROXECTO NACIONAL

3.2.1. Os concellos na vertebración institucional e territorial de Galiza

a) A superación do “soberanismo municipal” e do localismo

Para o BNG os Concellos -como as parroquias e as comarcas- son piares indispensábeis para a vertebración da nación.

O BNG considera a política municipal parte fundamental do seu proxecto político nacional, superando unha visión tecnocrática do exercicio do poder local.

A pesar da enorme relevancia das políticas de xestión no ámbito municipal, onde a cuestión nacional non é tan perceptíbel como na política galega e ás veces proxéctase a falsa imaxe de que os problemas son de resolución máis técnica que política, as distintas políticas municipais responden a distintos proxectos de sociedade e a distintas visións do país.

Así, os partidos estatais avogan por un “soberanismo municipal”, confrontado moitas veces co poder político galego, desmembrador do país. Mesmo a concepción cada vez máis estendida dos concellos como “empresas de servizos” responde a unha visión tecnocrática e neutra da política, degradante da democracia, en que os/as cidadáns son tratados como suxeitos pasivos, como simples “consumidores de servizos”.

Con ser moi importante a xestión, esta ten que ter unha direccionalidade política clara, inserida no noso proxecto político nacional.

Por iso para o nacionalismo é básico combater o “soberanismo municipal”, tras o que se agocha o localismo. O localismo é a versión local do españolismo como ideoloxía negadora de Galiza como nación. O localismo é a forma concreta en que a idea da España uniforme, contraria a toda a diversidade, se presenta nos concellos do país e foi historicamente un freo para o avance da conciencia nacional no noso pobo.

O denominado “soberanismo municipal”, convertido en fetiche polos partidos españois, vén sancionado pola lexislación estatal de réxime local e a Lei de administración local de Galiza, caracterizadas polas pretensións recentralizadoras, e polos recortes do funcionamento democrático das institucións locais.

Propostas de Tese:

- 1. Para o BNG os Concellos -como as parroquias e as comarcas- son piares indispensábeis para a vertebración da nación.**
- 2. O BNG considera a política municipal parte fundamental do seu proxecto político nacional, superando unha visión tecnocrática do exercicio do poder local.**

3. Para o nacionalismo é básico combater o “soberanismo municipal” e o localismo. O localismo é a versión local do españolismo como ideoloxía negadora de Galiza como nación.

b) O impulso ás alternativas territoriais e institucionais

Soberanismo municipal e localismo son un atranco tamén para o noso desenvolvemento económico e para a constitución de unidades político-institucionais de orde superior -comarcas, áreas metropolitanas- necesarias para unha ordenación e organización do territorio que se axuste mellor á nosa realidade nacional.

Cómpre, pois, que após as eleccións municipais o dimensionamento do poder municipal do BNG nas comarcas do país se traduza no impulso efectivo da comarcalización ou doutras alternativas territoriais e institucionais (agrupacións de Concellos, áreas metropolitanas) fronte ás deputacións provinciais. Porén, será preciso combinar o obxectivo estratéxico da desaparición dos entes provinciais co exercicio conxuntural do seu goberno.

Proposta de Tese:

- O BNG impulsará desde os Concellos a comarcalización do país e outras formas de articulación territorial e institucional superadoras das Deputacións provinciais.
- O BNG pulará por garantir, mentres non se suprimiren, que estas institucións atendan ás necesidades dos concellos de cara a eliminar as desigualdades existentes erradicando as formas de relación clientelar.

c) A necesidade dun poder municipal forte

Neste proceso, o nacionalismo esforzarase por conseguir un asentamento municipal forte e pór fin á ocupación do poder municipal por parte do PP.

O noso proxecto nacional precisa duns Concellos integrados na arquitectura institucional da nosa nación, que non sexan utilizados nunca de ariete contra o Goberno de Galiza.

Para o BNG, a relación dos Concellos co Goberno da nación debe guiarse por unha dialéctica da cooperación, nunca por unha dialéctica da competencia ou da confrontación.

Un redimensionamento do mapa do poder municipal, con forte presenza do BNG, será a garantía de que a FEGAMP cumpra cos obxectivos para a que foi creada, e sexa un instrumento acaído para a aplicación dos novos criterios do Goberno galego a respecto da integración da política municipal no proxecto nacional, desde a transparencia e a igualdade (consorcio de servizos sociais, PEIM...) fronte á instrumentalización partidaria que pon en perigo a súa viabilidade como asociación representativa dos Concellos galegos.

Cun BNG con presenza determinante nos Concellos, a aplicación do Pacto Local asegurará un desenvolvemento, afondamento e clarificación competencial integrado no proxecto nacional de Galiza, baseado nun marco de relacións dos Concellos co Goberno galego e as deputacións que se oriente polos principios de igualdade e equidade.

Propostas de Tese:

- 1. O noso proxecto nacional precisa duns concellos integrados na arquitectura institucional da nosa nación, que non sexan utilizados nunca de ariete contra o Goberno de Galiza.**
- 2. Para o BNG, a relación dos concellos co Goberno da nación debe guiarse por unha dialéctica da cooperación, nunca por unha dialéctica da competencia ou da confrontación.**

3.3. AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS E A EXPANSIÓN ORGANIZATIVA

3.3.1. Eleccións Municipais: un contexto favorábel para a expansión organizativa

As eleccións municipais reveláronse como o proceso electoral máis favorable para ampliar e expandir organizativamente o BNG. A isto contribuíron factores como a maior proximidade aos veciños dos/as nosos/as referentes, ou que moitos veciños/as achan na acción municipal un elemento de motivación para se achegaren ao BNG.

A isto súmanse agora as potencialidades dun contexto en que o nacionalismo é forza de goberno en Galiza. Atopámonos diante dunha grande oportunidade para rompermos definitivamente estereotipos, para superarmos irreversiblemente barreiras entre unha parte da sociedade e o BNG, que limitaban até agora o noso crecemento organizativo.

O reto do BNG é saber aproveitar estas oportunidades, superando dinámicas rutineiras na nosa forma de nos relacionarmos coa sociedade. Debemos esforzarnos en incorporar ao BNG aquelas persoas que agardan ser convidadas a participaren no proxecto común do nacionalismo.

Esta expansión organizativa favorecida polos factores contextuais apuntados debe, ademais, cristalizar de inmediato, e de maneira máis relevante aínda, naqueles concellos en que tivemos a oportunidade de exercer responsabilidades de goberno nestes últimos anos.

Proposta de Resolución.

- As eleccións municipais son unha oportunidade para ampliar e expandir organizativamente o BNG. Debemos aproveitar as potencialidades do BNG no actual contexto para incorporar ao BNG aquelas persoas que agardan ser convidadas a participaren no proxecto común do nacionalismo, pondo un especial empeño na incorporación de mulleres ao BNG, para o que será preciso modificar hábitos e métodos organizativos, que tendo en conta a situación das mulleres, faciliten a participación destas no traballo político.

3.3.2. Formas, contidos e recursos

Para acadarmos o obxectivo do crecemento organizativo é necesario conxugarmos un discurso nacionalista, acaído nas formas e no contido, con

novos métodos de traballo que nos permitan optimizar os recursos dispoñíbeis. En particular, debemos aproveitar a capacidade de relación de que nos dota estarmos no Goberno da Xunta, para ampliar organizativamente o BNG e reforzar a nosa implantación municipal. Debemos dirixirnos con decisión á sociedade comprometida co país para animala a se incorporar ao BNG. A un BNG con vocación transformadora no Goberno e nos concellos, a un BNG participativo e plural, coas portas abertas ás achegas e ao traballo de todos/as aqueles/as que quixeren ser partícipes do proxecto común.

Estas novas formas deben acompañarse dunha actualización de contidos: un proxecto político nacionalista para os nosos concellos que conecte directamente coas preocupacións reais dos/as cidadáns, que dea resposta ás súas inquedanzas e que poña en valor a acción dos gobernos municipais do BNG e as políticas do Goberno Galego.

Serán precisamente eses Gobernos municipais e a presenza do nacionalismo no Goberno galego, xunto coa militancia, o valor máis prezado do BNG, os recursos fundamentais que deben ser aproveitados no contexto das eleccións municipais e da propia campaña de afiliación, de cara a materializar a nosa expansión organizativa.

Esa expansión organizativa será chave, conxuntural e estruturalmente, para un BNG que acadou o lugar que hoxe ocupa no escenario político desde o compromiso activo da súa base organizada. Será chave diante do reto inmediato das eleccións municipais, pois determinará a nosa capacidade de traballo electoral, as nosas posibilidades de acadarmos un maior amparo social e a oportunidade de ofrecermos candidaturas que reflectan a máis ampla representatividade dos diferentes segmentos sociais. Unha expansión organizativa paralela ao proceso electoral municipal será a mellor visualización dun BNG en crecemento, en ascenso, con capacidade de atracción e con vocación de goberno ao servizo das maiorías sociais.

Proposta de Resolución.

-Debemos dirixirnos con decisión á sociedade comprometida co país para animala a se incorporar ao BNG, a un BNG con vocación trans-

formadora no Goberno e nos Concellos, a un BNG participativo e plural, coas portas abertas ás achegas e ao traballo de todos/as aqueles/as que quixeren ser partícipes do proxecto común.

4. ORGANIZACIÓN: ACTUALIZACIÓNS ORGANIZATIVAS

4.1. INTRODUCCIÓN

Xa na X e XI Asembleas Nacionais do BNG foron obxecto de debate e resolución cuestións organizativas, encamiñadas a mellorar o funcionamento interno do BNG, e a actualizar a nosa regulamentación estatutaria, coa vontade de permitir unha intervención social máis acaída, e unha adecuación á nova etapa política que colectivamente iniciabamos.

A chegada ao Goberno Galego trouxo apareladas decisións que afectaron ao funcionamento ordinario dos órganos de dirección, e á participación e incardinación das estruturas territoriais nas novas tarefas políticas. Froito das dificultades de adaptación a este novo contexto afloraron, nalgún caso con máis intensidade, eivas no funcionamento orgánico que debemos corrixir.

É necesario combinarmos mellor os principios de democracia e participación, consubstanciais ao BNG como forza política, coa necesaria eficacia e axilidade na toma de decisións. Cómpre tamén conxugarmos mellor a autonomía e responsabilidade do Goberno cuns órganos de dirección fortes que definan globalmente a nosa política.

É necesario un maior esforzo para informar acaidamente á nosa base social, para podermos divulgar e defender a acción de goberno e a liña política do BNG na sociedade.

No plano interno, cómpre un compromiso de maior corresponsabilización co proxecto político. Debemos esforzarnos en que os debates se realicen ao redor de políticas prácticas, e de que as críticas se acompañen de alternativas.



4. 2. ACTUALIZACIÓNS ORGANIZATIVAS

4.2.1. A presidencia do Consello Nacional

Na XI Asemblea Nacional adoptamos a decisión de crear esta responsabilidade “como un cargo unipersoal da organización que terá como misión esencial as tarefas de arbitrase, representación e proxección do proxecto estratéxico do BNG”. Fixémolo como resposta aos retos do BNG e na convicción de que considerar o goberno das institucións como un medio para impulsar, colectivamente, o proceso de autodeterminación nacional, demandaba “tamén un mellor aproveitamento dos referentes sociais do nacionalismo e un máis preciso deslinde de papeis”.

A realidade política do país e sobre todo o papel que debía desempeñar o BNG na actual conxuntura fixeron do “deslinde de papeis” algo inverificábel na práctica. As novas circunstancias derivadas da dimisión da persoa electa para o cargo fan recomendábel a súa desaparición.

Proposta de Resolución:

A XII Asemblea Nacional do BNG acorda a supresión da figura de presidente/a do Consello Nacional e as correccións estatutarias que deste acordo se derivan, en particular a supresión de todo o disposto no apartado “A Presidencia do Consello Nacional”. As competencias asignadas ao presidente do Consello Nacional nos actuais estatutos pasan a se atribuír ao Portavoz Nacional e á Executiva Nacional da seguinte forma:

a) Ao Portavoz Nacional:

- a. Asumir as funcións de máxima representación externa e interna do BNG.
- b. Presidir os distintos órganos de decisión e convocar o Consello Nacional do BNG.
- c. Subscribir en nome da organización, os acordos que o BNG formalice con calquera outra organización política, social ou sindical, tanto nacional como internacional.

b) Á Executiva Nacional:

- a. Cumprir e facer cumprir as disposicións estatutarias e velar polo cumprimento das resolucións políticas das distintas asembleas

nacionais e dos consellos nacionais, garantindo a adecuación política dos distintos órganos ao proxecto estratéxico do BNG.

- b.** Velar polo adecuado funcionamento da organización de acordo cos principios que a informan. No exercicio desas funcións, poderá propor ao Consello Nacional as medidas que estatutariamente podan exercitarse, para o bo funcionamento dos distintos órganos que conforman o BNG.
- c.** A Executiva Nacional poderá convocar reunións consultivas, cando se considerar xustificado, cunha representación dos partidos e colectivos do BNG para coñecer a súa opinión sobre temas da súa competencia, ou aos/ás responsábeis políticos das comisións sectoriais do Consello Nacional para abordar aspectos relativos ao traballo destas. As persoas da Executiva delegadas por este organismo para participaren nestas reunións deberán trasladar á Executiva Nacional e ao Consello Nacional as conclusións desas reunións.

4.2.2. O BNG como organización unitaria

O Bloque Nacionalista Galego afirmase desde a súa fundación como unha organización política unitaria de adscrición individual. Non somos un partido político clásico, mais tampouco unha coalición electoral nin unha federación de partidos. Somos unha fronte plural dotada de órganos de dirección que garanten sempre unha voz única e eficaz para o BNG transmitir os seus proxectos á sociedade.

Isto require un exercicio responsábel de autocontrol por parte de todos/as os/as militantes e o esforzo colectivo para non confundirmos os necesarios debates nos ámbitos de participación dentro do BNG coa exteriorización de críticas e posturas discordantes cara a fóra que non reportan ningún beneficio para a organización.

Tamén é necesario atender acaidamente a complexidade dos ámbitos a tratar sobre todo desde que temos responsabilidades de goberno, elixindo os/as voceiros/s necesarios/as en cada momento para mellor aproveitarmos todos os recursos do BNG. Conforme ao actual reparto de responsabilidades este labor corresponde ao/á portavoz nacional e, na súa delegación, ao/á coordinador executivo cando se trataren de asuntos de índole xeral, ademais dos/as portavoces parlamentares cando se traten asun-

tos do seu ámbito de competencia. Con todo, a transmisión á opinión pública dunha imaxe equilibrada do BNG, tamén nos aspectos de xénero, fai necesario ter en conta pautas, por parte da Executiva Nacional, que garantan o coidado destes aspectos, utilizando para isto, se for necesario, aos/ás responsábeis de área do órgano colexiado.

Proposta de Resolución:

1. A transmisión de opinións orgánicas do BNG corresponde ao/á portavoz nacional e na súa delegación, ao/á coordinador executivo, cando se trataren asuntos de índole xeral, ademais dos/as portavoces parlamentares cando se trataren asuntos do seu ámbito de competencia.

2. O BNG debe transmitir á opinión pública unha imaxe equilibrada nos aspectos de xénero. A Asemblea Nacional mandata á Executiva Nacional para que á hora de pautar as comunicacións públicas do BNG o equilibrio de xénero estea garantido, utilizando para isto, se for necesario, aos/ás responsábeis de área do órgano colexiado.

3.- Modifícanse os Estatutos no seu apartado 6.7.1 para engadir aos labores do/a coordinador/a a seguinte: “actuar, por delegación do/a Portavoz Nacional, como Portavoz da organización para a transmisión de mensaxes políticas orgánicas do BNG”.

4.2.3. A Asemblea Nacional

A X Asemblea Nacional do BNG, nunha das resolucións aprobaba que: “Conforme aos preceptos estatutarios, as Asembleas Nacionais poderán ser abertas á participación directa de toda a afiliación ou por medio da elección de delegados/as, se as condicións técnicas así o esixiren”.

O desenvolvemento da XI Asemblea Nacional, despois de nos reafirmar no que xa se tiña incorporado colectivamente aos nosos Estatutos, veu pór de manifesto unha previsión lóxica, derivada do crecemento sostido da nosa organización e da súa crecente relevancia na sociedade galega. En cada convocatoria prodúcese unha notábel afluencia de militantes e simpatizantes, polo que a posibilidade de materializar unha Asemblea

Nacional ideal, que implique a presenza física de toda a militancia do BNG, nun mesmo recinto e cun proceso de debate profundo e ordenado, é pura ficción.

A capacidade organizativa do BNG, xunto co funcionamento interno democrático, debe servir para superar as dificultades do actual modelo asembleario, gañando en participación e democracia.

As Asembleas Nacionais do BNG, e todo o funcionamento organizativo, caracterízanse pola nosa concepción democrática e participativa, reflexo directo do noso proxecto de sociedade. E así seguirá a ser.

Precisamente, as deficiencias democráticas doutras forzas políticas non radican no feito de escoller delegados/as congresuais, senón nos déficits de debate político, de mecanismos de participación e de decisión para a militancia; alén das prácticas institucionais e concepcións sociais que aplican. Comparativamente, o BNG está a moita distancia desas forzas políticas.

Por outra parte, é democrático que unha porcentaxe minoritaria de militantes, actuando a título individual, adopten as decisións de toda a organización, a pesar de a participación na decisión ser aberta a toda a militancia. Mais tamén é democrático, e sobre todo máis representativo, que o faga unha porcentaxe minoritaria sobre o total, mais facultada para actuar na Asemblea non só a título individual, senón tamén en representación do conxunto da militancia que os elixiu previamente nuns ámbitos territoriais que posibilitan unha maior participación.

Precisamos, en virtude da importancia para Galiza do avance do noso proxecto estratéxico, e en virtude da nosa responsabilidade política e social actual, dispor de órganos que posibiliten debates democráticos con fondura e con rigor, con procesos de traballo organizados non suxeitos a continxencias negativas que nós mesmos posibilitemos. O contrario é perdermos en democracia interna, en participación real non testemuñal, e en seriedade e responsabilidade.

Xa que logo, pensamos que as Asembleas Nacionais deben realizarse por delegados/as electos/as como representantes. Este método, que solventa

as complexidades e dificultades técnicas do sistema actual atendendo á dimensión do BNG, ten, tamén, as seguintes vantaxes:

- a) Fortalece o recoñecemento interno das estruturas do BNG.
- b) Garante, en congruencia co modelo frontista, de masas e plural, a participación, o debate e o voto de toda a militancia ao longo do proceso.
- c) Respecta a pluralidade interna do BNG, a súa expresión e representación, ao tempo que identifica os/as representantes cos/as afiliados/as que participan no proceso asembleario.
- d) Permite discusións e debates máis regulados, con fondura e con rigor, sobre as diferentes propostas e liñas políticas de cada quen.
- e) Unha vez contrastada a representatividade das distintas expresións da pluralidade interna, facilitáanse as posibilidades de chegar a acordos, sen prásas e máis racionalmente, con programas e/ou coincidencias pactadas.

Proposta de Resolución:

A XII Asemblea Nacional do BNG aproba que as Asembleas Nacionais no sucesivo se realizaren por medio de delegados/as electos/as, como posibilitan os actuais Estatutos do BNG.

O Consello Nacional electo aprobará após debate nas comarcas o regulamento que estableza o sistema de delegados/as para a Asemblea Nacional, que asegurará, conforme ao establecido nos Estatutos do BNG, unha representación comarcal directamente proporcional ao número de militantes de cada comarca e unha representación por candidaturas directamente proporcional ao número de votos obtido por cada unha.

4.2.3.1. Os votos particulares dos membros do Consello Nacional.

Nos Estatutos do BNG inclúese o dereito a presentar votos particulares por parte dos/as membros do Consello Nacional que desintan das propostas de tese aprobadas polo órgano.

Con esta previsión estatutaria non se trata de establecer un privilexio que permita a unha persoa, en razón do seu cargo, poder tramitar emen-

das sen os filtros democráticos que rexen para o resto da organización. O sentido da previsión estatutaria é outro moi distinto: garantir o respecto ao pluralismo e, por tanto, facilitar que as minorías podan expresar e difundir as súas posicións para o seu coñecemento e debate polo conxunto da organización. Por esta razón, faise precisa unha maior regulamentación do exercicio do voto particular para este se axustar á finalidade devandita.

Proposta de Resolución:

Consideraranse votos particulares aquelas propostas alternativas presentadas por membros do Consello Nacional que disintiren do documento aprobado polo órgano, quer no seu conxunto, quer nalgún dos seus apartados. Por tanto, os votos particulares atinxirán á totalidade do documento ou dalgún dos seus apartados e implicarán, agás que se propoña a supresión, a presentación dun texto alternativo.

Para un voto particular pasar á Asemblea Nacional deberá acadar, cando menos, a maioría simple dos votos nunha asemblea comarcal, isto é, máis votos a favor que votos en contra.

Fican modificados neste sentido os artigos 3.11. e 3.13 dos Estatutos do BNG.

4.2.4. Comisións do Consello Nacional

Proposta de Resolución:

As comisións convocaranse como mínimo unha vez cada 6 meses. Cada semestre a Executiva Nacional dará conta ao Consello Nacional das convocatorias das distintas comisións. O/a responsable de cada comisión que non cumprir co mínimo exixido poderá ser relevado polo Consello Nacional, nomeando na mesma sesión outra persoa responsable

4.2.5. Galiza Nova

Como se afirmaba no preámbulo do protocolo de interrelación asinado

entre o BNG e Galiza Nova en cumprimento do mandato dado pola XI Asemblea, “o novo contexto político na nosa nación, nomeadamente o feito de asumir o nacionalismo responsabilidades de Goberno, abre as portas a un cambio radical nas políticas xuvenís, destacando o feito de podermos executar a nosa alternativa para a mocidade galega. O reto e responsabilidade que supón debe implicar un reforzamento de Galiza Nova, como unha ferramenta para o traballo social, mellorando a súa introdución social, ampliando o seu ámbito de actuación e incrementando o seu papel para o debate e definición dunha alternativa que dea resposta ás demandas da mocidade e que conecte coas solucións e alternativas que esta precisa”. Dar resposta e este obxectivo debe levar consigo un esforzo por mellorar a interrelación entre o BNG e Galiza Nova e corrixir as disfuncións existentes. É preciso fortalecer e mellorar o funcionamento de Galiza Nova, cunha actitude de corresponsabilización por parte do BNG, mellorar as canles de comunicación, e asumir o impulso á actividade e alternativas do nacionalismo no campo xuvenil como unha prioridade que ten que vincular a todo o nacionalismo galego.

Proposta de Resolución

A relación entre o BNG e Galiza Nova, como organización xuvenil da fronte, cun status diferente aos outros colectivos e partidos, ten como marco o protocolo de interrelación aprobado polas dúas organizacións.

Para materializar a representación de Galiza Nova nos órganos de dirección do BNG, créase un Comité de ligazón, que se reunirá trimestralmente, de cara ao contraste de posicións políticas, a coordinación da actividade pública e a elaboración de estratexias de intervención dirixidas á mocidade.

No protocolo aprobado entre Galiza Nova e o BNG afírmase o principio de que en todos os organismos do BNG terá presenza Galiza Nova. A plasmación práctica deste principio debe compatibilizarse coas normas recollidas nos Estatutos do BNG para a elección dos órganos de dirección. No suposto de non entrar a formar parte na Executiva Nacional o/a secretario xeral de Galiza Nova, froito da dinámica de elección dos órganos, cando se abordaren temas relacionados co ámbito xuvenil, ou por seren relevantes para a actividade da organización xuvenil, poderá asistir, con voz e sen voto, a persoa que detente a Secretaría Xeral de Galiza Nova.



★ **Estatutos** do BNG

PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS, ESTATUTOS DO BNG E O SEU DESENVOLVEMENTO REGULAMENTARIO

O. PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS.

0.1. DEMOCRACIA.

O funcionamento democrático é o único compatíbel cos obxectivos do BNG. Garántese a todos os niveis: información, debate, toma de decisións e xestión.

0.2. CARÁCTER ASEMBLEARIO.

O BNG, como organización plural, aberta e participativa, basea a súa dinámica de funcionamento e decisión política en formulacións asemblearias. Os representantes están suxeitos a mandato imperativo, por tanto, poden ser revogados polos electores.

0.3. PLURALISMO POLÍTICO.

O BNG recoñece a existencia de distintas opcións políticas, ideolóxicas e organizativas no seo do nacionalismo galego, así como distintas formulacións estratéxicas cara ao exercicio pleno da nosa soberanía nacional. O BNG, xa que logo, como expresión unitaria do nacionalismo, recoñece a existencia de diversas tendencias políticas no seu seo, aínda que a adscrición e militanza no BNG é individual.

0.4. MAIORÍAS E MINORÍAS.

A posición oficial do BNG determínase por maiorías. Garántese o dereito das posicións minoritarias á súa defensa pública, discrepando lexitimamente da opción maioritaria.

0.5. LIBERDADE DE EXPRESIÓN.

O necesario debate que debe fundamentar a participación e toma de decisións en toda organización política fai necesario o recoñecemento explícito da liberdade de expresión, non só para as distintas opcións organizadas no BNG, senón tamén a título individual para todos os seus membros.

0.6. DEREITO A DISCREPANCIA PÚBLICA.

O dereito á defensa pública das posicións minoritarias e o de defensa da liberdade de expresión concrétese no dereito á discrepancia pública, sempre que na práctica non supoña unha contradición operativa que leve ao bloqueo ou ao boicot da decisión maioritaria.

1. DA AFILIACIÓN.

A afiliación ao BNG será individual. Após presentar solicitude, poderase afiliar ao BNG calquera nacionalista que acepte os principios e a disciplina do BNG.

1.1. DOS DEREITOS E DEBERES DA AFILIACIÓN.

1.1.1. Todos os afiliados e afiliadas do BNG teñen os mesmos dereitos e deberes perante a organización.

1.1.2. Son dereitos dos afiliados e das afiliadas do BNG:

- a) Expresaren libremente as súas opinións políticas nos debates internos.
- b) Participaren na toma de decisións e na actividade política do BNG.
- c) Discreparen publicamente das posicións maioritarias, sempre que na práctica non supoña unha contradición operativa que leve ao bloqueo ou boicot da decisión maioritaria.
- d) Participaren nas eleccións de cargos que tiveren lugar no seo da organización e optaren en igualdade de condicións ao desempeño dos mesmos.
- e) Recibiren información sobre a orientación e a actividade xeral do BNG.
- f) Elevaren propostas aos órganos do BNG para a súa toma en consideración.

97.º Aniversario Nacional de BNG

★ A Nación en marcha

TELE
BNG



www.bng.galicia.es

GZ



- g) Seren previamente ouvidos no caso de se proporen sancións disciplinarias contra eles/elas e recorreren as sancións perante os órganos superiores e, esgotadas estas vías, perante a Comisión de Garantías.
- h) Recibiren apoio solidario da organización ante os problemas derivados da súa militanza política.

1.1.3. Son deberes dos afiliados e das afiliadas do BNG:

- a) Actuaren de conformidade co establecido nos principios políticos e ordenamento estatutario do BNG.
- b) Contribuíren na medida das súas posibilidades á definición e aplicación da liña política do BNG.
- c) Irradiaren no seu ámbito social as posicións do nacionalismo galego.
- d) Teren unha práctica lingüística coherente coa defensa da normalización do uso social do galego.
- e) Defenderen a autoorganización do pobo galego a todos os niveis.
- f) Acataren e respectaren as decisións maioritarias aínda no caso de discreparen con elas.
- g) Aboaren a cota estipulada e asumiren solidariamente os compromisos económicos que se derivaren do desenvolvemento da actividade política do BNG.
- h) Respectaren nas manifestacións internas e externas aos compañeiros e compañeiras, así como aos órganos colexiados do BNG.

1.2. DAS ALTAS E BAIXAS E A SÚA TRAMITACIÓN.

1.2.1. A admisión formal das solicitudes de alta farase polo Consello Comarcal correspondente, constando en acta.

1.2.2. A proposta de afiliación dun novo membro debe ser avalada, cando menos, por dous membros do BNG. En caso de a persoa interesada non coñecer ningún membro do BNG que a puiden avalar o Consello Comarcal concertará unha entrevista con ela para obter a información necesaria da mesma e exporlle o ideario político e normas de funcionamento da Fronte, facéndolle entrega do programa e estatutos do BNG. O Consello Comarcal poderá proceder así en cada caso que considere preciso.

1.2.3. En calquera caso as peticións de alta no BNG serán tratadas e resoltas na primeira reunión ordinaria do Consello Comarcal. Estas deben formalizarse por escrito, debendo constar a petición expresa de alta no BNG acompañada da ficha completa cos datos da persoa solicitante.

1.2.4. Ao Consello Nacional asístelle o dereito de revogar os acordos adoptados no caso de se non axustaren aos estatutos ou aos principios organizativos do BNG.

1.2.5. No caso de peticións de alta colectivas que afectaren a máis dunha comarca, o órgano competente para decidir politicamente sobre a conveniencia desta integración é o Consello Nacional, sen prexuízo de que as comarcas respectivas eleven un informe recabando un posicionamento nun determinado sentido deste organismo. De conformidade co establecido no ordenamento estatutario do BNG, os Consellos Comarcais serán competentes para resolver individualmente cada caso.

1.2.6. Causarán baixa no BNG, para alén de polas razóns disciplinarias contempladas nestes Estatutos, todos as persoas afiliadas ao BNG que, sen causa xustificada, non satisfagan a cota estipulada. Cando unha persoa afiliada ao BNG estiver 6 meses sen aboar a cotización recibirá por escrito unha comunicación certificada dándolle un prazo dun mes para se pór ao día, cumprido o cal sen o facer, causará baixa. Se un ha persoa afiliada, por razóns económicas, non puider satisfacer a cota estipulada, debe comunicar esta situación ao Consello Comarcal, quen, á vista dos datos, pode eximila temporalmente do deber de cotizar ou reducirlle a cota.

1.2.7. Toda persoa afiliada ao BNG debe estar adscrita a unha única Asemblea Local e Comarcal en que exercerá o seu dereito a voto, sen prexuízo de poderen asistir eventualmente e sen dereito a voto ás reunións doutra Asemblea Comarcal ou Local aqueles/as afiliados/as con mobilidade de residencia ao longo do ano por razóns diversas.

1.2.8. O BNG é unha organización unitaria, xa que logo, se un Consello Comarcal denega unha petición de alta ou decide dar de baixa a unha persoa afiliada, esta non pode ingresar deseguido noutra Asemblea Comarcal. En caso de conflito competencial entre comarcas, será o

Consello Nacional quen decida, cabendo tamén recurso perante a Comisión de Garantías e en última instancia perante a Asemblea Nacional.

1.2.9. En cada Asemblea Comarcal debe haber un libro de altas e baixas. Cada comarca debe remitir aos órganos nacionais un parte de altas, baixas e traslados, acompañado da copia da acta do Consello Comarcal en que conste a aceptación das mesmas e de copia da ficha das persoas en cuestión. No caso dos traslados debe facerse indicación da comarca a que se traslada o/a militante e dos novos datos de localización. No caso das baixas deberá achegarse ademais o carné da persoa interesada.

1.2.10. O carné é o documento que acredita a condición de militante do BNG, correspondéndolle á organización nacional a emisión dos mesmos e a asignación de números. Non serán entregados carnés do BNG ás solicitudes que non se axustaren ás normas anteriores, nin en consecuencia, as altas serán reflectidas nas relacións nacionais.

1.2.11. Galiza Nova conta con plena autonomía organizativa no seo do BNG e a condición de militante de Galiza Nova acredita un/unha compañeiro/a como militante do BNG. En consecuencia, Galiza Nova contará coas súas propias listaxes e emitirá os seus propios carnés.

1.2.12. Galiza Nova entregará copia das fichas dos/das seus/súas militantes aos Consellos Comarcais do BNG respectivos e comunicará por escrito, no momento de producirense, os movementos de altas, baixas e traslados da súa afiliación, movementos de que, á súa vez, os Consellos Comarcais deberán dar conta aos organismos nacionais do BNG. Os Consellos Comarcais do BNG están capacitados para non admitir unha alta de GN no caso de haber evidencias de que a persoa interesada ten posicións contraditorias coas definidas no Programa e Estatutos do BNG.

1.2.13. Os militantes de Galiza Nova están exentos de pagar cotas ao BNG agás as contribucións especiais que se estableceren para os cargos institucionais do BNG.

2. DOS PARTIDOS E COLECTIVOS.

As organizacións integradas no BNG son cauces a través dos que colectivos representativos das distintas culturas políticas ou tradicións ideolóxicas que converxen no nacionalismo galego achegan as súas reflexións, ideas e propostas ao proxecto común. A existencia de distintos colectivos organizados está subordinada ao funcionamento do BNG como unha organización unitaria con vocación de permanencia.

2.1. Os militantes do BNG teñen dereito a constituíren colectivos ou partidos de acordo coas súas afinidades ideolóxicas, sen prexuízo da igualdade de dereitos e deberes que posúen todas as persoas militantes da Fronte polo mero feito de o seren.

2.2. A constitución dun Partido ou Colectivo formalizarase pola presentación perante o Consello Nacional dun escrito do que resulte nome e domicilio do mesmo e os seus obxectivos e finalidades. Acompañarase a documentación da constitución e a composición dos seus órganos de dirección.

2.3. No caso de Partidos ou Colectivos xa existentes que desexaren formalizar a súa entrada no BNG, deberán presentar a mesma documentación.

2.4. En ambos os dous casos o Consello Nacional adoptará unha decisión valorando a documentación presentada canto a súa adecuación aos principios, práctica e obxectivos do BNG e ás circunstancias políticas do momento. A resolución e a motivación que a respalda será comunicada por escrito á persoa solicitante.

2.5. As persoas que militan en Partidos ou Colectivos integrados no BNG deberán estar afiliadas ao BNG.

3. DA ASEMBLEA NACIONAL.

A Asemblea Nacional é o órgano supremo do BNG e o titular da soberanía da organización. Será competente para a discusión e crítica política e

para todas aquelas cuestións que atinxiren á expresión da vontade política da organización.

Son funcións específicas da Asemblea Nacional a aprobación dos principios políticos e organizativos e dos Estatutos do BNG e calquera modificación que se introducir nos mesmos. Asimesmo á Asemblea Nacional correspóndelle elixir 50 membros do Consello Nacional entrante, as persoas integrantes da Executiva Nacional e o/a Portavoz Nacional.

Serán membros de pleno dereito da mesma todos os militantes do BNG que tivesen solicitado a alta antes da data da convocatoria da mesma e coas cotizacións ao día, podendo participar nos plenos e comisións da mesma mediante a elección de delegados e delegadas.

A. DA CONVOCATORIA DA ASEMBLEA, DOS MEMBROS DE PLENO DEREITO E DA ESCOLLA DE DELEGADOS/AS.

3.1. O Consello Nacional é o órgano competente para convocar Asemblea Nacional. Para a celebración de Asembleas Nacionais Ordinarias establececese un período mínimo de dous anos e un período máximo de tres.

3.2 Após solicitude da maioría dos Consellos Comarcais, o Consello Nacional estará obrigado a convocar Asemblea Nacional Extraordinaria. As Asembleas extraordinarias convocaranse cunha antelación mínima de un mes. As xuntas ordinarias coa antelación mínima de tres meses.

3.3. A Asemblea Nacional celebrarase por medio de delegados e delegadas electas. Non obstante, todas as persoas militantes do BNG que reúnan as condicións antes enunciadas terán dereito a participar no proceso asembleario a través do debate das relatorios e emendas nas Asembleas Comarcais, elección dos delegados e delegadas nestes organismos, e posterior elección dos Responsábeis-Portavoces comarcais.

3.4. A distribución das persoas delegadas farase por comarcas, asignándolle a cada unha un número de delegados/as directamente proporcional ao seu número de persoas afiliadas cotizantes. Os membros do Consello Nacional do BNG son membros de pleno dereito da Asemblea Nacional.

3.5. Os/as delegados/as serán escollidos polas Asembleas Comarcais mediante a presentación de listas, obtendo cada unha un número de delegados/as directamente proporcional aos votos obtidos.

3.6. A obrigação de estar ao día no pago de cotas afecta tamén á participación como membro de pleno dereito no proceso territorial da Asemblea Nacional.

B. DA MECÁNICA DE ELABORACIÓN, DISCUSIÓN E APROBACIÓN DOS DOCUMENTOS E DO RÉXIME DE SESIÓNS.

3.7. O Consello Nacional saínte será o encargado de aprobar os textos base que se someterán a discusión na Asemblea Nacional. O Consello Nacional fixará os temas a debater e convocará a constitución das Comisións encargadas de redactaren as propostas de documentos, que serán abertas a todos os membros do Consello Nacional que desexaren participar nos traballos das mesmas.

3.8. As propostas de documento deberán ter unha estrutura sintética e didáctica que facilite o debate e a concreción de propostas de emenda. Así, cada un dos documentos estará estruturado do seguinte xeito:

a) Preámbulo.

Introdución en que se fai un relatorio de feitos ou unha diagnose da situación que fundamenta ou serve de apoio argumental ás distintas teses políticas ou organizativas e propostas de resolución que logo se formulan.

b) Teses políticas ou organizativas.

Enunciación de principios ou análises que o BNG asume como propios e fundamentan propostas concretas de actuación [c)]. Neste apartado poden incluírse, de xeito sintético e didáctico, análises xa apuntadas no preámbulo e outras conclusións que se derivaren do mesmo.

c) Propostas de resolución.

Proposta de medidas prácticas e/ou operativas a executar polo BNG (propostas concretas de actuación).

3.9. Os/as afiliados/as do BNG, nos termos e prazos que estableza o regulamento da Asemblea, poden facer contribucións para a súa toma en consideración polas Comisións redactoras dos distintos documentos.

Estes contributos deberán incluír propostas de tese e/ou de resolución, con independencia de iren acompañados de informe ou texto argumental que xustifique a inclusión das propostas que se formularen.

3.10. As Comisións presentarán ao Consello Nacional os textos aprobados pola maioría dos seus membros. Se existiren discrepancias, constarán igualmente os votos particulares dos membros do C.N. que forman parte da Comisión.

3.11. O Consello Nacional aprobará os textos definitivos das propostas de documentos, podendo presentar os membros do C.N. que disintan na súa totalidade ou en parte dos documentos aprobados, votos particulares. Consideraranse votos particulares aquelas propostas alternativas presentadas por membros do Consello Nacional que desintan do documento aprobado polo órgano, xa sexa no seu conxunto ou nalgún dos seus apartados. Por tanto, os votos particulares atinxirán á totalidade do documento ou dalgún dos seus apartados, conlevando, agás que se propoña a supresión, a presentación dun texto alternativo.

Os documentos serán enviados ás Asembleas Comarcais para a súa discusión cando menos con 45 días de antelación á celebración da Asemblea Nacional. Estas propostas de documento irán acompañadas dos votos particulares, sempre que as persoas interesadas, membros do C.N., manifesten a vontade de os manteren.

3.12. As Asembleas Comarcais debaterán as propostas de documentos e os votos particulares, podendo formular emendas parciais ou á totalidade.

No que atinxe á mecánica de debate nas asembleas esta deberá seguir as seguintes pautas:

- Cada proposta de documento será obxecto dun debate global. Con tal fin abriranse quendas de palabras con anterioridade ao debate de propostas de emenda concretas.
- Deseguido procederase ao debate de propostas de emenda concretas coa apertura de quendas de palabra a favor e en contra.
- As propostas de emenda afectarán ás propostas de tese e/ou de resolución contidas no documento, podendo ser de supresión, de engádegas ou de substitución. Nestes dous últimos casos conlevarán a presentación de

texto alternativo global por parte da persoa emendante.

- Aquelas cuestións que afectaren ao preámbulo do documento serán trasladadas directamente como suxestións sen necesidade de debate e votación.

3.13. Para que unha emenda pase a debate á A.N. precisará acadar a maioría simple dos votos das persoas presentes nunha Asemblea Comarcal, isto é, máis votos a favor que votos en contra. Para que un voto particular de membros do Consello Nacional pase a debate á Asemblea Nacional deberá acadar, cando menos, a maioría simple dos votos nunha asemblea comarcal, isto é, máis votos a favor que votos en contra. As emendas que prosperaren nas distintas Asembleas Comarcais distribuiranse ao conxunto da organización con tempo suficiente para poderen ser estudadas.

3.14. Os traballos nas Asembleas Nacionais Ordinarias estruturarase por plenos e comisións, seguíndose á hora de distribuír as persoas asembleístas nas mesmas, criterios aleatorios. O Consello Nacional presentará en cada Asemblea Nacional Ordinaria un informe político e de xestión que será debatido -xunto cos documentos asembleares- nun primeiro pleno de debate global. O Consello Nacional saínte ou unha delegación do mesmo presidirá as sesións plenarias, nomeará as persoas relatoras encargadas da defensa dos documentos e propondrá, para a súa ratificación pola asemblea, as persoas encargadas de moderaren os debates, e dous secretarios encargados de levantar acta das sesións plenarias. As comisións contarán, para alén do moderador e dos/das relatores/as, con dous secretarios elixidos pola comisión entre os seus membros.

3.15. Pasarán a debate aos plenos todas as emendas que acadaren maioría simple nunha comisión, sen menoscabo de que o Regulamento da A.N. estableza cotas máis baixas.

3.16. Aprobaranse en pleno todas as emendas que acadaren maioría simple de votos. Unha vez discutidas as emendas, someteranse a votación os relatorios coas emendas introducidas que precisarán a mesma marxe para a súa ratificación.

3.17. As listas que se presentaren para optar aos 50 postos do Consello Nacional de elección directa na Asemblea Nacional deberán estar presen-

tadas antes do comezo da última sesión plenaria e deberán ir asinadas por todas as persoas integrantes da candidatura, certificando a súa aceptación a estaren incluídas na candidatura.

3.18. Tanto nas Asembleas Nacionais Ordinarias como nas Extraordinarias, o Consello Nacional elaborará, de conformidade cos Estatutos do BNG, a proposta de Regulamento, que será sometida a debate na Asemblea como primeiro punto da Orde do Día para a súa ratificación ou rectificación. A proposta de Regulamento debe contemplar a Orde do Día da Asemblea.

3.19. Nas Asembleas Nacionais Extraordinarias, cando foren convocadas para tomar unha decisión que afecte un asunto concreto e de urxente resolución, poderase prescindir do proceso territorial e do debate en comisións. Neste caso a Asemblea non pode incluír na súa Orde do Día a renovación dos órganos de dirección.

C. DO PROCESO DE ELECCIÓN DE CARGOS E ÓRGANOS POLA ASEMBLEA NACIONAL.

3.20. A Asemblea Nacional escollerá 50 membros do Consello Nacional entrante, as persoas integrantes da Executiva Nacional e o/a Portavoz Nacional.

3.21. Procederáse en primeiro lugar á escolla dos 50 membros do Consello Nacional por medio da presentación de listas pechadas e bloqueadas. Se se presentar unha única lista resultará aprobada de obter máis votos a favor que en contra. Se se apresentaren varias listas procederáse a un reparto directamente proporcional aos votos acadados por cada lista.

3.22. Unha vez electos, os 50 membros do Consello Nacional elaborarán -de comun acordo co candidato a Portavoz- unha proposta de candidatura de Executiva Nacional que deberá incluír como nº 1 a persoa candidata á Portavocía Nacional. O/a Candidato/a a Portavoz Nacional presentará á Asemblea Nacional a proposta para a súa elección.

3.23. Se non existir acordo para a presentación dunha única candidatura

poderán presentarse varias candidaturas de estaren avaladas -cando menos- por quince membros electos do Consello Nacional. As distintas candidaturas deberán incluír como nº 1 unha persoa candidata á Portavocía Nacional.

3.24. De se presentar unha única lista resultará aprobada de obter máis votos a favor que en contra. Se se presentaren varias listas asignaráselle a cada unha un número de postos directamente proporcional aos votos obtidos, fixándose neste caso en 15 o número total de postos a cubrir. Resultará electo Portavoz Nacional o cabeza da lista máis votada.

D. ELECCIÓN DA CANDIDATURA DO BNG Á PRESIDENCIA DO GOBERNO GALEGO.

3.25. A elección do candidato ou candidata do BNG á Presidencia do Goberno Galego será realizada pola Asemblea Nacional.

4. DAS CONVENCIONS.

4.1. As Convencións Nacionais son órganos de carácter deliberante e consultivo. O Consello Nacional é o órgano facultado para as convocar e establecer a Orde do Día, podendo convocar Convencións de cadros do BNG (membros dos Consellos Nacional, comarcais e/ou locais) ou Convencións abertas ao conxunto da afiliación.

5. DO CONSELLO NACIONAL.

O Consello Nacional é o órgano máximo de dirección, representación, debate e decisión do BNG entre Asembleas Nacionais. Será competente no desenvolvemento e na concreción da liña política definida pola Asemblea Nacional e en todos aqueles asuntos que non sexan competencia da Asemblea Nacional. As súas decisións serán vinculantes para o conxunto da organización.

A. DAS SÚAS COMPETENCIAS E FORMA DE ELECCIÓN.

5.1. O Consello Nacional reunirse con carácter ordinario cada dous meses. Todas as reunións do Consello Nacional terán como punto obrigado da orde do día a presentación e debate dun informe da Executiva relativo á súa actuación e á súa análise da situación política. Á súa vez, as decisións adoptadas polo Consello Nacional serán comunicadas ao conxunto da organización a través dos portavoces-responsábeis comarcais e, se for o caso, serán publicadas na páxina web, nas publicacións do BNG e dadas a coñecer aos medios de comunicación inmediatamente despois de cada reunión.

5.2. O Consello Nacional conformarase de acordo cos seguintes criterios:

- A Asemblea Nacional elixirá directamente 50 membros.
- A cada Asemblea Comarcal corresponderalle elixir un membro por cada 200 persoas afiliadas ou fracción, incluído o/a Responsábel Comarcal.
- Galiza Nova e os Partidos e Colectivos integrados no BNG designarán unha persoa representante cada un.

5.3. Os membros electos polas Asembleas Comarcais escolleranse conforme a estes criterios:

- a) Os membros electos polas asembleas comarcais para se incorporaren ao Consello Nacional serán aqueles que ocuparen os primeiros postos na lista electa pola Asemblea Comarcal para conformar o Consello Comarcal. No caso de se teren presentado varias listas procederáse a un reparto directamente proporcional aos votos que tivese acadado cada lista.
- b) En caso de dimisións ou de que algunha destas persoas xa tivese sido elixida para formar parte do Consello Nacional pola Asemblea Nacional procederáse ao corremento da lista por que esta persoa foi electa na Asemblea Nacional.
- c) Será electo Responsábel-Portavoz Comarcal o/a cabeza da lista máis votada na elección do Consello Comarcal.
- d) Os movementos de afiliación que se produciren após a Asemblea Nacional só computarán para determinar o nº de persoas que se escollerá en cada comarca cando se inicie o proceso dunha nova Asemblea Nacional.

5.4. As persoas Responsábeis Portavoces Comarcais son as garantes da representación territorial no Consello Nacional e as máximas represen-

tantes do BNG en cada comarca. En caso de ausencia do/a Responsábel Portavoz Comarcal será suplido/a nas súas funcións polo/a vicerresponsábel comarcal. A función de vicerresponsábel comarcal recaerá no nº 2 da lista máis votada na Asemblea Comarcal. O vicerresponsábel comarcal substituirá o/a Portavoz Responsábel Comarcal nas reunións do Consello Nacional a que este/a non puider asistir.

5.5. A elección das persoas representantes dos Partidos e Colectivos, de Galiza Nova e dos/das Responsábeis e Vicerresponsábeis-Portavoces Comarcais deberá ser notificada a este organismo por escrito, así como a súa revogación ou substitución. Unha vez que o Consello Nacional tome coñecemento do nomeamento, procederá a dar entrada aos novos membros na seguinte reunión.

5.6. En caso de causar baixa no Consello Nacional algún dos membros elixidos directamente na Asemblea Nacional procederase á súa substitución correndo a lista por que foi electo.

5.7. En caso de un membro do Consello Nacional elixido directamente pola Asemblea Nacional ser elixido representante neste organismo por un Partido ou Colectivo ou por unha Asemblea Comarcal, procederase ao corremento da lista por que foi electo na Asemblea Nacional.

5.8. Unha mesma persoa non pode acumular a condición de representante dun Partido ou Colectivo e de Responsábel ou Vicerresponsábel Portavoz Comarcal.

B. DO RÉXIME DE SESIÓNS E DAS FUNCIÓNS DO CN.

5.9. As sesións ordinarias serán convocadas polo Portavoz Nacional. A Executiva Nacional establecerá a orde do día das reunións do Consello Nacional, establecéndose regulamentariamente a posibilidade de inclusión de asuntos por parte das persoas que pertencen ao órgano.

5.10. Poderase convocar, con proposta de orde do día, consello extraordinario polos lexitimados no artigo anterior, 1/3 dos membros do Consello Nacional ou 1/3 dos Consellos Comarcais.

5.11. As convocatorias faranse cunha semana de antelación como mínimo.

5.12. As sesións do Consello Nacional estarán presididas polo Portavoz Nacional encabezando unha Mesa na que se integrará a Executiva Nacional ou unha delegación da mesma. A ordenación dos debates corresponde ao Portavoz Nacional. Poderá actuar como moderador o Portavoz Nacional ou subsidiariamente o Secretario de Coordinación Executiva.

5.13. Son funcións específicas do Consello Nacional:

5.13.1. Convocar Asemblea Nacional Ordinaria e Extraordinaria.

5.13.2. Elixir a Comisión de Garantías.

5.13.3. Definir a política de alianzas a todos os niveis.

5.13.4. Analizar e discutir a marcha política do BNG, e, no seu caso, corrixila ou ratificala a todos os niveis.

5.13.5. Elixir as persoas responsábeis das distintas áreas en que estructure o seu traballo o Consello Nacional.

5.13.6. Facer seguimento das tarefas das distintas secretarías da Executiva Nacional, das comisións dependentes do Consello Nacional e das comarcas. Aprobar os seus Planos de Traballo e os seus orzamentos se os houber.

5.13.7. Aprobar o orzamento e rendición de contas cada exercicio.

5.13.8. Aprobar os orzamentos das campañas electorais e das campañas específicas a nivel nacional.

5.13.9. Aprobar as listas electorais e a designación de deputados/as provinciais.

5.13.10. Aprobar a inclusión dun novo Partido ou Colectivo dentro do BNG.

5.13.11. Aprobar a creación de calquera órgano periódico de expresión pública do BNG a nivel nacional.

5.13.12. Nomear a(s) persoa(s) ou o órgano que ostentará a representación xurídica do BNG.

5.13.13. Reestruturar a Executiva e remover as súas funcións.

5.13.14. Debater anualmente un informe sobre a situación organizativa e financeira do BNG.

5.13.15. Adoptar os acordos relativos á Fundación Galiza Sempre previstos nos seus Estatutos.

5.13.16. Aprobar a creación dunha nova comarca ou calquera outra modificación do mapa comarcal actualmente existente, a proposta dos consellos comarcais ou dos consellos e asembleas locais das zonas afectadas.

5.13.17. A creación ou reforma das comisións sectoriais ou temáticas.

5.13.18. Todas aquelas competencias e funcións non atribuídas especificamente a outro órgano.

6. DA EXECUTIVA NACIONAL.

A Executiva Nacional é o órgano de dirección ordinaria do BNG. A Executiva Nacional é o órgano encargado de responder e de decidir cuestións da acción política cotiá do BNG, sen prexuízo da súa responsabilidade perante o Consello Nacional. Son funcións específicas da Executiva executar os acordos adoptados polo Consello Nacional e outras que este órgano lle asignar por delegación.

Serán tamén funcións específicas da Executiva Nacional as seguintes:

a. Cumprir e facer cumprir as disposicións estatutarias e velar polo cumprimento das resolucións políticas das distintas asembleas nacionais e dos consellos nacionais, garantindo a adecuación política dos distintos órganos ao proxecto estratéxico do BNG.

- b. Velar polo adecuado funcionamento da organización de acordo cos principios que a informan. No exercicio desas funcións, poderá propor ao Consello Nacional as medidas que estatutariamente podan exercitarse, para o bo funcionamento dos distintos órganos que conforman o BNG.
- c. A Executiva Nacional poderá convocar reunións consultivas, cando se considere xustificadas, cunha representación dos partidos e colectivos do BNG para coñecer a súa opinión sobre temas da súa competencia, ou aos/ás responsábeis políticos das comisións sectoriais do Consello Nacional para abordar aspectos relativos ao traballo das mesmas. As persoas da Executiva delegadas por este organismo para participar nestas reunións deberán trasladar á Executiva Nacional e ao Consello Nacional as conclusións desas reunións.

A. DA SÚA COMPOSICIÓN, FORMA DE ELECCIÓN E COMPETENCIAS DAS DISTINTAS SECRETARÍAS.

- 6.1. A Executiva Nacional será escollida pola Asemblea Nacional de entre as persoas membros electos do Consello Nacional do BNG.
- 6.2. Os compañeiros e as compañeiras integrantes da Executiva deberán asumir individualmente unha área de responsabilidade e responderán da súa actuación perante a Asemblea Nacional, e -no período interassemblear- perante o Consello Nacional como órgano soberano do BNG entre Asembleas. Por tanto o Consello Nacional poderá proceder á reestruturación da mesma e á remoción de funcións.
- 6.3. A Executiva Nacional terá un máximo de quince membros (á parte do/a Portavoz Nacional) que deberán atender cando menos ás seguintes áreas de responsabilidade: Coordinación Executiva, Organización e Finanzas, Comunicación, Iniciativas Políticas, Acción Social, Acción Institucional Parlamentar, Acción Municipal, Relacións Exteriores e Emigración, Acción Feminista e Políticas para a Mocidade.
- 6.4. Atendendo a criterios funcionais cada unha das áreas da executiva poderá desdoblarse en varias áreas, ou á inversa, varias das áreas antes enunciadas fusionarse nunha única área político-funcional.
- 6.5. As distintas áreas político-funcionais da Executiva terán atribucións



propias dunha secretaría, isto é, terán autonomía funcional para o exercicio das responsabilidades nela delegadas debendo render contas da súa actuación á dirección colexiada do BNG. Cada secretaría poderá dotarse dun Comité Técnico-Político de apoio ao desenvolvemento das súas funcións.

6.6. O cadro de persoal ao servizo das diferentes secretarías da Executiva estará coordinado, á marxe da supervisión que exerza cada responsábel de área, pola Secretaría de Organización.

6.7. As funcións das distintas secretarías da Executiva Nacional serán as seguintes:

6.7.1. Coordinación Executiva. Colaborar coa Portavocía Nacional na coordinación das distintas áreas político-funcionais da Executiva, no seguimento da aplicación dos acordos adoptados e na preparación das ordes do día das xuntanzas. Actuar, por delegación do/a Portavoz Nacional, como Portavoz da organización para a transmisión de mensaxes políticas orgánicas do BNG.

6.7.2. Organización e Finanzas. Facer seguimento da situación organizativa do BNG, elaborar propostas e planos de expansión e consolidación organizativa, exercer a xefatura de persoal e da administración interna, xestionar as finanzas e deseñar planos e propostas de financiamento.

6.7.3. Comunicación. Elaborar estratexias de imaxe e comunicación e responsabilizarse da súa implementación a través da propaganda e os medios de comunicación. Dirixir os medios de comunicación propios do BNG e os seus Gabinetes de Imprensa. Xestionar a relación cos medios de comunicación.

6.7.4. Iniciativas Políticas. Preparar iniciativas para a intervención do BNG no debate político. Promover o desenvolvemento das alternativas programáticas do BNG. Deseñar planos de formación para militantes e cadros.

6.7.5. Acción Social. Impulsar a política do BNG no eido social, elaborar

propostas e iniciativas neste ámbito. Asumir a relación do BNG coas diferentes organizacións sociais.

6.7.6. Acción Institucional. Diseñar estratexias e iniciativas de intervención institucional. Coordinar a acción institucional do BNG nos distintos ámbitos parlamentares.

6.7.7. Acción Municipal. Diseñar estratexias e iniciativas de intervención do BNG nas institucións locais. Dirixir e coordinar a política municipal do BNG .

6.7.8. Relacións Exteriores e Emigración. Diseñar as estratexias do BNG no eido das relacións internacionais e asumir as relacións políticas e diplomáticas do BNG neste ámbito. Diseñar políticas de análise, relación e atención á colectividade galega no exterior.

6.7.9. Acción Feminista. Políticas dirixidas contra a discriminación de xénero e para a igualdade de oportunidades para as mulleres.

6.7.10. Políticas para a Mocidade. Diseñar estratexias de intervención do BNG na mocidade, así como potenciar a presenza e consolidación de Galiza Nova nas comarcas e localidades.

B. DO SEU RÉXIME DE SESIÓNS.

6.8. A convocatoria ordinaria de reunións deste órgano é competencia da Portavocía Nacional que actuará asemade como moderadora dos debates. Xuntarase ordinariamente con periodicidade mínima quincenal, nos días que fixe a propia Executiva.

6.9. De xeito extraordinario, cando os acontecementos o requiriren, poderá xuntarse a proposta dun terzo dos membros da Executiva.

6.10. As propostas de inclusión de puntos na Orde do Día serán comunicadas á Secretaría de Coordinación cando menos con 48 h. de antelación ao comezo da reunión.

7. DA PORTAVOCÍA NACIONAL.

A Portavocía Nacional configúrase como un cargo unipersoal da organización que terá como misión esencial a dirección dos traballos da Executiva Nacional e a expresión pública das opinións orgánicas do BNG. De quedar vacante no periodo interasemblea o Consello Nacional é competente para escoller Portavoz Nacional até a convocatoria de nova asemblea.

7.1. Son funcións da Portavocía Nacional:

7.1.1. Dirixir os traballos da Executiva Nacional do BNG e moderar as reunións dos órganos nacionais do BNG.

7.1.2. Presidir os distintos órganos de decisión e convocar reunións da Executiva e do Consello Nacional.

7.1.3. Presentar á Executiva Nacional unha proposta de regulamento de funcionamento interno da mesma.

7.1.4. Asumir as funcións de máxima representación externa e interna do BNG actuando como portavoz oficial do BNG en declaracións públicas, correspondéndolle a transmisión de opinións orgánicas do BNG, e en relacións con outras organizacións.

7.1.5. Suscribir en nome da organización, os acordos que o BNG formalice con calquera outra organización política, social ou sindical, tanto nacional como internacional.

8. DA ESTRUCTURA TERRITORIAL.

O BNG estrutúrase territorialmente en comarcas e localidades, podendo crearse, se as circunstancias así o aconsellaren, órganos de coordinación intercomarcal.

A. DAS COMARCAS.

8.1. Para a creación dunha nova comarca do BNG deberá existir unha mínima disponibilidad de recursos e unha estrutura de cadros e unha base suficientemente ampla, que garanta a vitalidade política e organizativa da nova demarcación. En calquera caso serán requisitos mínimos para a creación dunha nova comarca que, nos concellos que abrangan, o BNG conte cun mínimo de 100 persoas afiliadas e estean constituídas Asembleas Locais do BNG en -cando menos- o 50% dos Concellos da zona.

8.2. Poderán crearse subcomarcas, dotadas de certa autonomía funcional no ámbito da comarca en que estiveren inseridas, naquelas comarcas que tendo unha personalidade socio-xeográfica singular non reúnan os requisitos organizativos enunciados no punto anterior.

8.3. O Consello Nacional será o órgano facultado para aprobar a creación dunha nova comarca ou calquera outra modificación do mapa comarcal actualmente existente, após proposta dos Consellos Comarcais ou dos Consellos e Asembleas Locais das zonas afectadas.

B. DAS ESTRUTURAS INTERCOMARCAIS.

8.4. Poderán constituírse, segundo aconsellaren as necesidades políticas ou organizativas, Comisións Intercomarcais tomando como referencia as provincias ou as áreas de influencia das sete grandes vilas de Galiza. Serán membros natos destas comisións os/as Responsábeis Portavoces e os/as Responsábeis de Política institucional das distintas comarcas dese ámbito. A maiores, e segundo a índole dos asuntos a tratar, poderán asistir ás súas xuntanzas os/as deputados/as provinciais e os/as deputados/as que teñan asignada a atención a esas zonas. Tamén poderán incorporarse os/as Responsábeis Comarcais de área cando os temas a tratar así o exixiren. Para a constitución destas comisións intercomarcais será preceptiva a autorización dos órganos nacionais do BNG.

8.5. Eventualmente, e cando houber asuntos que así o demandaren, poderán convocarse convencións (integradas polo conxunto dos membros dos Consellos Comarcais dese ámbito) ou Asembleas de militantes. En calquera caso a súa función será só deliberativa e/ou de formulación de propostas aos órganos nacionais do BNG. A convocatoria das mesmas debe-

rá ser autorizada pola Executiva Nacional após proposta da Comisión de Coordinación correspondente.

8.6. Tamén se poderán constituír órganos de coordinación entre comarcas limítrofes para problemas comúns que exixiren unha estratexia coordinada por parte do BNG.

C. DA ASEMBLEA COMARCAL.

Estará composta por todos os membros do BNG na comarca, será competente para a discusión e crítica política en xeral, e todas aquelas cuestións que atinxan á expresión da vontade política do BNG na comarca.

A Asemblea Comarcal elixirá á persoa que ten o cargo de Responsábel Portavoz Comarcal. Escollerá asemade un Vicerresponsábel Portavoz encargado de axudar o/a Responsábel Portavoz Comarcal no exercicio das súas funcións e de o/a relevar cando for preciso.

8.7. Reunirase ordinariamente cunha periodicidade trimestral. A convocatoria farase cunha antelación mínima de 8 días á data de celebración.

8.8. Poderá celebrar xunta extraordinaria a proposta de 1/3 da afiliación ou por decisión do propio Consello Comarcal. A convocatoria faraa o Consello Comarcal con 2 días de antelación como mínimo.

8.9. As Asembleas Comarcais estarán presididas pola Executiva Comarcal ou unha delegación da mesma.

8.10. Os/as Responsábeis Portavoces comarcais serán os/as encargados/as de moderar os debates das reunións das Asembleas e Consellos do seu ámbito territorial.

8.11. A Asemblea Comarcal, ou o Consello Comarcal por delegación, é o órgano facultado para aprobar a constitución de Asembleas Locais no ámbito desa comarca.

D. DO CONSELLO COMARCAL.

O Consello Comarcal é o máximo órgano de dirección do BNG na comarca e ostentará a representación pública do BNG. Cando a dimensión e as necesidades organizativas do BNG así o fixeren necesario poderá constituírse unha Executiva Comarcal con funcións semellantes, no seu ámbito territorial, ás da Executiva Nacional.

Estará composto polos membros elixidos pola Asemblea Comarcal, os/as Responsábeis Portavoces Locais e o/a representante de Galiza Nova. Os membros elixidos pola Asemblea Comarcal representarán cando menos o 50% do total, incluídos o Responsábel e o Vicerresponsábel Portavoz Comarcal.

8.12. O Consello Comarcal xuntarase como mínimo con carácter bimestral. Poderase reunir con carácter extraordinario a convocatoria do/da Responsábel comarcal ou a solicitude de 1/3 dos membros do Consello Comarcal.

8.13. Son funcións específicas do Consello Comarcal as seguintes:

8.13.1. Executar e concretar as liñas de actuación política a nivel comarcal.

8.13.2. Convocar as Asembleas Comarcais.

8.13.3. Aprobar o orzamento e a rendición de contas de cada exercicio para a súa presentación á Asemblea Comarcal e posterior envío ao Consello Nacional.

8.13.4. Aprobar os Planos de Traballo e o orzamento, se o houber, das áreas de responsabilidade e o nomeamento dos seus responsábeis.

8.13.5. Facer seguimento trimestral, como mínimo, dos Planos de Traballo das secretarías comarcais.

8.13.6. Aprobar, se proceder, as peticións de alta no BNG.

8.14. A mecánica e normas que rexen a elección dos membros do Consello Comarcal, demisións e substitucións, etc. é a mesma que se establece para os órganos nacionais.

8.15. O sistema de elección dos membros de elección directa en Asemblea Comarcal, caso de haber máis dunha candidatura, é o de listas pechadas e representación proporcional. Para poder participar nas eleccións haberá que ter as cotizacións ao día.

a) O Consello Comarcal saínte elaborará un Regulamento do proceso que será publicitado entre o conxunto da afiliación do seu ámbito e deberá contemplar, cando menos, os seguintes aspectos:

a.1. Data de celebración da Asemblea e prazos para a actualización do censo coa posta ao día no pago das cotas dos/as afiliados/as en situación de impago.

a.2. Nº de membros de escolla directa na Asemblea para formar parte do novo Consello Comarcal Aos membros electos pola Asemblea sumaranse, ao final do proceso os/as Responsábeis Locais e o/a representante designado/a por Galiza Nova.

a.3. Nº de membros que integrarán a Executiva Comarcal de se propor a súa creación.

a.4. Prazo límite para a presentación de candidaturas ao Consello Comarcal

a.5. As candidaturas deberán reunir os requisitos que se fixan para a elección nacional, isto é, deben presentarse ordenadas, con tantos/as candidatos/as como postos a cubrir máis cinco suplentes e escrito de aceptación a figurar na lista de cada unha das persoas candidatas.

a.6. O Regulamento establecerá dous prazos consecutivos espaciados entre si e anteriores á celebración da Asemblea Comarcal, o primeiro para a presentación de candidaturas e o segundo para comunicar modificacións ou correccións de erros nas mesmas.

b) O Regulamento someterase a deliberación e votación no momento de constitución da Asemblea podendo presentar emendas. En calquera caso estas non poderán afectar aspectos regulados nos Estatutos do BNG.

8.16. Se se presentaren varias listas para optar aos postos do Consello Comarcal de elección directa en Asemblea o cargo de Responsábel Portavoz e de Vice-responsábel recaerá na 1ª e 2ª persoa da lista máis votada.

8.17. Galiza Nova, atendendo ao seu carácter de organización autónoma da mocidade do BNG, contará cunha persoa representante neste órgano.

8.18. O Consello Comarcal ou a Executiva, se a houber, tenderán a estruturarse no reparto de áreas de responsabilidade de acordo coas áreas existentes na Executiva Nacional do BNG, debendo existir, como mínimo, as Secretarías de Organización, Finanzas e Acción Municipal. O Responsábel Portavoz Comarcal é o representante político máximo do BNG na comarca.

8.19. O traballo do Consello Comarcal poderá verse auxiliado pola existencia de comisións e grupos de traballo cunha función similar ás nacionais referidas a ese ámbito territorial.

E. DA ASEMBLEA LOCAL.

A Asemblea Local é o órgano básico da organización territorial do BNG debendo estar toda persoa afiliada ao BNG encadrada nunha Asemblea Local. As súas funcións e composición serán as mesmas que as da Asemblea Comarcal, circunscritas ao ámbito territorial da Asemblea Local, correspondéndolle, ademais, a elección da/o Responsábel Local, que ostentará a representación da Asemblea Local no Consello Comarcal.

8.20. Para constituír unha nova Asemblea Local será preceptivo que cando menos haxa 10 persoas afiliadas ao BNG no ámbito dese concello, sendo a Asemblea Comarcal, ou o Consello Comarcal por delegación, o órgano encargado de aprobar a súa constitución.

8.21. De non reunir un concello esa condición as persoas afiliadas estarán integradas na Asemblea Local máis próxima ou varios concellos limítrofes poderán constituír unha única Asemblea Local en tanto non acaden

dimensión suficiente. Será en todo caso o Consello Comarcal o órgano facultado para aprobar este ordenamento.

8.22. O cambio de comarca dunha localidade debe ser aprobado polo Consello Nacional.

8.23. Poderán así mesmo existir, a efectos de vehiculización do traballo, grupos de base barriais, parroquiais ou municipais (naqueles concellos onde o BNG careza da incidencia mínima requirida para a constitución dunha Asemblea Local), baixo a supervisión dos órganos locais ou comarcais do BNG.

F. DO CONSELLO LOCAL.

Naquelas localidades onde a dimensión organizativa do BNG e as necesidades de traballo así o demandaren, deberá constituírse un Consello Local. O seu funcionamento e composición rexeráse polos mesmos criterios que o C. Comarcal mais referido á localidade e como mínimo o/a Responsábel Local formará parte do Consello Comarcal sendo a persoa representante da localidade neste organismo.

8.24. A mecánica e normas que rexen a elección dos membros do Consello Local (e da Executiva Local se a houber), dimisións e substitucións, etc. é a mesma que se establece para os Consellos Nacional e Comarcal.

8.25. Galiza Nova poderá contar cunha persoa representante no Consello Local.

8.26. Se se presentaren varias listas para optar aos postos do Consello Local de elección directa en Asemblea o cargo de Responsábel recaerá no 1º da lista máis votada.

8.27. Se a dimensión organizativa e as necesidades do traballo así o demandaren poderá existir unha Executiva Local.

8.28. Dependentes do Consello Local poderán existir comisións e grupos de traballo cunha función similar ás nacionais referidas a ese ámbito territorial.

8.29. A constitución dun novo Consello Local será aprobada pola Asemblea Comarcal ou o Consello Comarcal por delegación, após petición da Asemblea Local correspondente.

9. DA ESTRUCTURA SECTORIAL.

A. COMITÉS.

Os Comités son órganos dependentes da Executiva Nacional que pola índole das súas funcións non teñen un carácter aberto e participativo. Formarase parte dun Comité en función do cargo que se ostente ou por ser persoa electa con tal efecto pola Executiva a proposta da persoa responsable da área correspondente. As reunións ampliadas do Comité incorporarán o conxunto dos/as Responsábeis Comarcais da área correspondente.

Poderán dotarse de Comités Técnico-Políticos de apoio todas as áreas político-funcionais da Executiva Nacional.

Atendendo á importancia de asegurar unha homologación de criterios de actuación política e unha coordinación máis efectiva do noso traballo institucional, será preceptiva a existencia dos seguintes Comités no ámbito parlamentar e municipal

9.1. Dependente da Secretaría de Acción Institucional Parlamentar da Executiva Nacional constituirase un Comité de Política Parlamentar. Serán membros natos do mesmo o/a Responsábel de Acción Institucional Parlamentar e os/as Portavoces do BNG nas distintas institucións Parlamentares. Eventualmente poderá convocar reunións da interparlamentar do BNG de que serán membros natos os cargos electos do BNG no Parlamento de Galiza, Congreso dos Deputados, Senado e Parlamento Europeo.

9.2. Dependente da Secretaría de Acción Municipal da Executiva Nacional constituirase un Comité de Política Local. Serán funcións deste Comité coordinar actuacións e elaborar ditames sobre os distintos asuntos da vida diaria das institucións locais. Entre outras funcións encarga-

rase de preparar mocións, convir emendas ás mocións presentadas por outros grupos, etc. Integrarán o Comité o /a Responsábel Nacional de Acción Municipal e representantes do BNG nos distintos ámbitos da administración local (concellos, mancomunidades, deputacións, FEGAMP). Eventualmente poderá contarse co concurso de expertos/as.

Con carácter regular celebraranse, tamén, reunións de Responsábeis Comarcais de Acción Municipal.

9.2.1. O subcomité municipal das cidades. A importancia política nas cidades exige dotalas dun órgano de coordinación específico. A súa función será homoxeneizar criterios de actuación municipal nas sete principais vilas de Galiza prestando atención especial aos Concellos en que o BNG goberna. Integraranos o/a Responsábel Nacional de Acción Municipal, os/as Alcaldes/esas e os/as Portavoces dos Grupos Municipais do BNG.

B. OS GABINETES E EQUIPAS ASESORAS

Os Gabinetes e Equipas asesoras son aquelas estruturas consultivas de carácter non participativo de que o Consello Nacional ou a Executiva Nacional decida dotarse, para contar con apoio loxístico e proporcionarlle tamén aos Grupos institucionais do BNG.

As equipas asesoras constituíranas especialistas e terán como función prestar asesoramento puntual aos órganos de dirección e cargos institucionais do BNG (a petición dos mesmos) por medio da elaboración de informes, estudos e propostas concretas.

9.3. Os Gabinetes estarán integrados por responsábeis políticos de área e persoas expertas que asesoran nalgunha materia os órganos e cargos executivos.

C. AS COMISIÓNS SECTORIAIS OU TEMÁTICAS

As Comisións terán carácter aberto e participativo. Conformaranse tendo en conta as grandes áreas temáticas nas que estea estruturada a programación da política institucional, da intervención social, da alternativa ou, no

seu caso, a acción de goberno, e, asimesmo, os temas cardinais do proxecto político estratéxico do BNG.

Serán funcións das Comisións do BNG:

a) Debater e definir propostas de políticas temáticas que deba desenvolver o BNG, contribuíndo á elaboración, unificación e homologación da nosa política e discurso dos grandes temas nos ámbitos de cada unha delas, e trasladando as propostas que deste proceso se deriven aos órganos de dirección do Bloque para a súa toma en consideración e aprobación se procede.

b) Elaboración de planos de traballo -que deberán incluír as propostas concretas de seguemento dos mesmos que se considera han ser precisas- para desenvolver na súa área de interese, que deberán ser debatidos e aprobados polo Consello Nacional.

9.4. O Consello Nacional é o órgano facultado para aprobar a creación de cada Comisión, que poderá organizarse en tres niveis territoriais -nacional, comarcal e local-. Xa que en todos os Consellos (locais, comarcais e nacional) ten que haber unha responsábel da área da muller, esta será nomeada tras a proposta da correspondente Comisión de Mulleres. As Comisións Comarcais e Locais estarán sometidas ao Consello Comarcal e Local respectivamente.

9.5. Todas as persoas militantes teñen dereito a pertencer a unha ou varias comisións, que así mesmo estarán abertas á participación de simpatizantes e membros de movementos e organizacións sociais, en especial das que teñan carácter nacionalista.

9.6. Cada Comisión Nacional contará cun Responsábel Político, nomeado polo Consello Nacional de entre os seus membros, e un coordinador organizativo electo pola propia Comisión. As distintas Comisións poderán dotarse, por razóns de eficacia de funcionamento, de ponencias e dunha Comisión Permanente da que serán membros natos o/a Responsábel Político, o/a Coordinador/a, os/as responsábeis das distintas ponencias e o membro da Executiva cuxa responsabilidade se corresponda coa Comisión.

9.7. Os órganos nacionais do BNG darán conta ao conxunto dos/as afiliados/as.

dos/as das comisións nacionais constituídas en cada período interasemblea, convidándoos/as a participar naquelas comisións que foren do seu interese. As persoas interesadas deberán notificar á estrutura nacional do BNG, nos prazos que se estableceren, o seu desexo de se adscribiren a unha ou varias comisións, co obxecto de elaborar un censo de membros das mesmas.

9.8. As reunións plenarias de cada Comisión serán abertas e publicitadas no conxunto da organización por medio de convocatoria individualizada a cada un dos seus membros e de comunicación aos Consellos Comarcais do BNG.

9.9. Os criterios definidos para a constitución, convocatoria e rexime de funcionamento das Comisións Nacionais rexerán tamén para as Comisións Comarcais. Os/as responsábeis das Comisións Comarcais serán membros natos da Comisión Nacional.

9.10. As Comisións poderán programar Encontros Nacionais temáticos para analizar a problemática das distintas áreas de intervención socio-política e debater propostas de actuación. Terán un carácter aberto a toda a militanza e simpatizantes interesados/as. A súa convocatoria debe ser autorizada pola Executiva Nacional.

10. DA COMISIÓN DE GARANTÍAS E O RÉXIME DISCIPLINARIO.

10.1. A comisión de garantías.

É o órgano encargado de velar polo respecto ás normas de funcionamento do BNG e aos dereitos dos/as afiliados/as. Será elixida polo Consello Nacional entre persoas que non pertencen ao Consello. As propostas do Consello Nacional serán transmitidas ás Asembleas Comarcais para seren ratificadas, podendo as mesmas recusar algún membro.

A súa función, por tanto, será ditaminar se as sancións ou medidas disci-

plinarias que se aplicaren se axustan ou non aos principios organizativos e ao ordenamento estatutario do BNG.

10.1.1. A Comisión de Garantías estará integrada por 6 membros titulares e 4 suplentes; para a súa elección por parte do Consello Nacional será preciso o voto afirmativo da maioría absoluta dos membros do organismo.

10.1.2. Os membros suplentes substituirán por orde de designación aos titulares que dimitan ou causen baixa na Comisión de Garantías.

10.1.3. Caso de se dirimiren asuntos cos que un membro da Comisión de Garantías tiver relación directa ou for, á súa vez, membro do órgano sancionador, este terá de ser substituído por un suplente.

10.1.4. A Comisión de Garantías non admitirá a trámite os recursos que nas alegacións presentadas non se axustaren ao ámbito competencial deste organismo.

10.1.5. Nas resolucións da Comisión de Garantías será necesario o voto afirmativo dunha maioría cualificada dos 2/3 dos membros do organismo.

10.1.6. A Comisión de Garantías constituirase no prazo máximo de tres meses tras a celebración da Asemblea Nacional Ordinaria, nomeando na súa 1ª reunión un/unha secretario/a encargado/a de convocar as reunións, moderar os debates e comunicarse coas persoas interesadas.

10.1.7. Ante calquera asunto que chegue á Comisión de Garantías esta comisión demandará das persoas interesadas informes e/ou alegacións que deberán ser entregadas á comisión no prazo máximo de 15 días desde a solicitude. A Comisión de Garantías poderá ademais solicitar a comparecencia dos/as interesados/as e as aclaracións ou informes complementarios que estime oportuno debendo ser atendidas estas demandas sen dilación.

10.1.8. O prazo para a resolución dos expedientes será dun mes desde o comezo da instrución e será comunicada por escrito ás persoas interesadas.

10.2. Do réxime disciplinario no BNG.

10.2.1. Calquera actuación atentatoria contra os principios do BNG ou calquera violación flagrante do seu ordenamento estatutario será motivo, atendendo á súa gravidade, de suspensión temporal de militanza ou de expulsión da organización.

10.2.2. En cuestións disciplinarias que non superen o ámbito da comarca, decidirá o Consello Comarcal correspondente, cabendo sempre recurso perante o órgano inmediatamente superior, de acordo coa seguinte relación hierárquica: O Consello Comarcal sométese á Asemblea Comarcal, e esta ao Consello Nacional. Os Consellos e Asembleas, nos seus diferentes ámbitos territoriais, poderán elevar informes aos órganos a que lle corresponda resolver.

10.2.3. As sancións colectivas serán competencia en primeira instancia do CN do BNG, de oficio ou a instancias dun órgano do BNG, así como as que afectaren a calquera membro deste organismo.

10.2.4. En consecuencia, o Consello Nacional tamén será o órgano competente en primeira instancia na disolución de organismos territoriais por cuestións disciplinarias, co conseguinte nomeamento dos órganos xestores encargados da reorganización do BNG na comarca ou localidade afectada.

10.2.5. O Consello Nacional é o órgano competente na expulsión de partidos ou colectivos da Fronte.

10.2.6. Galiza Nova rexerese no réxime de dereitos e obrigas dos/as seus/súas afiliados/as polos mesmos principios xenéricos que rexen no BNG, adaptados ao seu ámbito específico de actuación. En caso de conflito competencial entre os órganos comarcais do BNG e Galiza Nova, resolverá o Consello Nacional do BNG.

10.2.7. Contra todas as sancións disciplinarias, e esgotados os recursos perante os organismos ordinarios, cabe a apelación, a instancia de parte, perante a Comisión de Garantías, que ditaminará se as sancións adoptadas foron acordes ou non co ordenamento estatutario do BNG.

11. DA TOMA DE DECISIÓNS E O FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS EN XERAL.

Todas as decisións dos diversos órganos do BNG serán adoptadas por maioría simple dos presentes. O quórum de constitución para considerar válidos os acordos dos distintos órganos de dirección será o da metade máis un dos seus membros. O quórum de constitución para considerar válidos os acordos das Asembleas será o da metade máis un dos seus membros en primeira convocatoria e media hora despois calquera que sexa a asistencia.

11.1. As reunións de todos os órganos do BNG deben ser convocadas por escrito e deberán incluír na convocatoria a Orde do Día.

11.2. Darase publicidade dos seus acordos ao conxunto dos membros do organismo.

11.3. Existirán libros de actas de reunións de órganos nacionais, comarcais e locais, levantándose acta de cada xuntanza que será aprobada na seguinte reunión. Os órganos locais deben enviar copia da acta ou comunicación de acordos das súas reunións ao Consello Comarcal despois da súa aprobación. Os órganos comarcais farán o propio cursando copia da acta das súas reunións ou comunicación de acordos á Executiva do Consello Nacional.

11.4. Todos os Organismos de Dirección do BNG deben levantar acta da súa constitución, detallando os datos completos dos/as seus/súas integrantes e o reparto de responsabilidades. Os Consellos enviarán copias aos órganos de dirección dun nivel territorial superior destas actas de constitución. Asemade deberán informar por escrito puntualmente dos cambios que se produciren na súa composición e reparto de responsabilidades.

11.5. Sempre que o solicite o 20% dos presentes, as votacións dos organismos serán secretas.

11.6. Os órganos de dirección do BNG poderán, naqueles temas de singular interese, establecer novos mecanismos de consulta aos/ás afilia-

dos/as e simpatizantes que complementen o debate orgánico. Así o Consello Nacional poderá, con carácter consultivo, convocar referendos para coñecer a posición do conxunto da base social do BNG sobre unha cuestión determinada. Estas consultas poderán ser restrinxidas á afiliación ou abertas aos simpatizantes.

11.7. O BNG dotarase dunha estrutura estábel de simpatizantes e colaboradores. A persoa simpatizante ou colaboradora recibirá información regular das posicións políticas e da actividade xeral do BNG e incentivarase a súa imbricación efectiva no BNG por medio da participación en comisións, asistencia a reunións con voz mais sen voto, e, eventualmente, a convocatoria de Asembleas abertas a todos/as os/as simpatizantes.

12. DOS CARGOS ORGÁNICOS E INSTITUCIONAIS DO BNG.

12.1. A composición de todas as listas para a elección dos órganos de dirección, así como as listas electorais contarán cunha porcentaxe non superior ao 60%, nin inferior ao 40% para cada un dos xéneros, no camiño de acadar a plena paridade. Esa mesma porcentaxe deberá reflectirse nos dez primeiros postos de calquera lista electoral.

12.2. O órgano competente para aprobar as listas electorais e designar cargos institucionais é o Consello Nacional.

12.3. Nas eleccións locais, as Asembleas Locais, vía organismos comarcais, elevarán propostas de lista ao Consello Nacional, para a súa ratificación, se proceder, por este organismo.

12.4. No caso da elección de Deputados/as Provinciais, os afiliados e afiliadas do BNG dos concellos da zona electoral correspondente, reunidos en Asemblea, elevarán propostas de candidatos/as para a súa consideración polo Consello Nacional.

12.5. O BNG tenderá a evitar a acumulación de cargos públicos electivos por parte dunha mesma persoa. Así, establécese un réxime de incompatibilidades que impide compatibilizar máis dun cargo institucional.

12.6. Nos Concellos de máis de 25.000 habitantes será incompatible que unha mesma persoa sexa portavoz do Grupo Municipal ou Alcalde e Responsábel Local do BNG.

12.7. Estabéllese un límite de 3 mandatos consecutivos na mesma función a partir da 10ª Asemblea, tanto no que atinxe a cargos orgánicos como institucionais.

12.8. O Consello Nacional é o único órgano facultado para, atendendo a necesidades políticas ou organizativas imperiosas, establecer excepcións á aplicación destas medidas.

12.9. Son obrigas dos cargos electos do BNG a defensa dos dereitos e intereses do pobo galego e o servizo aos electores debendo dar conta aos mesmos da súa actuación no exercicio do cargo.

12.10. Os membros do BNG electos para cargos públicos defenderán unha política acorde coa definida polo Consello Nacional e os órganos de dirección comarcal e local do BNG e teñen o deber político de informar e render contas da súa actividade, tendo o seu cargo permanentemente á disposición da Fronte.

13. DAS FINANZAS E DA ADQUISICION DE BENS E SERVIZOS.

13.1. Anualmente renderase conta dos gastos e ingresos e elaboraranse orzamentos nacionais que deberán ser sometidos á aprobación do Consello Nacional do BNG. Tanto no orzamento como na rendición de contas deben consignarse as os gastos e ingresos comarcais.

13.2. En consecuencia, será preceptivo tamén a elaboración por parte das comarcas de orzamentos e balances anuais e a presentación dos mesmos ante a Secretaría de Finanzas con tempo suficiente para a súa inclusión nos orzamentos e balances nacionais.

13.3. As cotas dos/as afiliados/as do BNG aboaranse por domiciliación bancaria, agás casos excepcionais e xustificadas en que será preceptivo a autorización do Consello Comarcal.

Os Consellos Comarcais, a petición dos solicitantes e atendendo ás súas circunstancias económicas, poderán eximir do pago da cota ou establecer unha cota reducida, para os/as afiliados/as con menos ingresos.

13.4. Cada Grupo Parlamentar ou Municipal do BNG domiciliará nunha conta autorizada do BNG o cobro das cantidades que o grupo e os seus integrantes percibiren da institución polos diferentes conceptos, procedéndose mensualmente a liquidar por parte das Secretarías de Finanzas nacionais e comarcais (segundo o nivel territorial) as cantidades que corresponden ao BNG e aos cargos institucionais.

13.5. Os pagos internos (caixas comarcais á caixa nacional, etc) faranse automaticamente a través de ordes de pago en conta.

13.6. O BNG ostentará a titularidade de todos os locais, contas e bens cos que opera nos diferentes ámbitos territoriais, ou no seu defecto, a persoa ou persoas que o BNG defina.

13.7. A adquisición ou alugamento de locais, apertura de contas e negociación de créditos bancarios debe ser autorizada pola Secretaría de Finanzas do BNG, así como a adquisición de bens e servizos por importe superior a 6000 Euros. As solicitudes, xa que logo, deben ser presentadas por escrito perante este organismo, debidamente argumentadas e orzadas.

13.8. A contabilidade comarcal estará centralizada, sendo preceptiva a existencia dun libro de contas e a emisión de partes de finanzas mensuais dando conta dos movementos de gastos e ingresos da comarca, de que se informará ao Consello e Asemblea correspondente. Na contabilidade comarcal, xa que logo, deben estar contemplados os gastos e ingresos feitos polas localidades.

13.9. Os órganos nacionais do BNG poderán acceder aos libros de contas e ao control dos movementos bancarios das contas ou subcontas comarcais do BNG para recabar información cando o consideraren oportuno.

13.10. A explotación dos produtos promocionais do BNG e o uso da marca do BNG é competencia exclusiva da organización nacional. Xa

que logo toda comarca que quixer editar este tipo de produtos deberá solicitar antes autorización.

14. DOS CADROS POLÍTICOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA, A REMUNERACIÓN DOS CARGOS INSTITUCIONAIS E O PERSOAL AO SERVIZO DO BNG.

14.1. A "liberación" de cadros ou militantes do BNG para a súa dedicación en exclusiva á actividade política e a contratación de persoal para funcións técnicas ou administrativas debe ser aprobada pola Executiva Nacional do BNG, ou a secretaría de organización e finanzas por delegación, sexa a súa función nacional, comarcal ou local.

14.2. A Executiva Nacional determinará o reparto dos ingresos que perciban os cargos institucionais do BNG en concepto de salarios, dietas, asignacións a grupos parlamentares e municipais, etc.

14.3. O persoal ao servizo do BNG, pertenza ao cadro de persoal nacional, comarcal ou local, rexerá polas condicións contratuais que os órganos nacionais do BNG definiren para os seus traballadores e traballadoras e ao réxime de dereitos e deberes contemplados na lexislación laboral. A Secretaría de Organización levará as relacións co persoal.

15. DOS ÓRGANOS DE EXPRESIÓN.

Os órganos de expresión oficial do BNG son o voceiro Be-ne-gá, a circular informativa Axiña, e o periódico electrónico www.bng-galiza.org. A Executiva Nacional está facultada para crear novos órganos de expresión ou modificar os existentes, rendendo contas ao Consello Nacional.

16. DOS SÍMBOLOS.

O BNG asume a Bandeira Nacional de Galiza e a mesma coa inclusión da estrela encarnada de cinco puntas.

O Himno da organización é o galego.



DOCUMENTO POLÍTICO

| | |
|---|-----------|
| 1. NACIÓN E AUTOGOBERNO: O NOVO ESTATUTO DE NACIÓN | 5 |
| 1.1. O NOVO ESTATUTO DE NACIÓN COMO PARTE DO PROCESO DE AUTODETERMINACIÓN NACIONAL | 5 |
| 1.2. AUTOGOBERNO E MODELO DE FINANCIAMENTO: CHAVES POLÍTICAS E IDEOLÓXICAS | 7 |
| 1.3. NOVO ESTATUTO E CONTEXTO ESTATAL | 12 |
| 1.3.1. A situación política no Estado: as posibilidades, as responsabilidades e os compromisos para avanzar politicamente | 12 |
| 1.3.2. A aposta por un Estado plurinacional | 17 |
| 1.3.3. A aposta por un modelo económico e social ao servizo das maiorías. | 21 |
| 1.4. O PROCESO GALEGO NO CONTEXTO INTERNACIONAL..... | 23 |
| 1.4.1. Evolución dos procesos de autodeterminación e política de alianzas | 23 |
| 2. O NACIONALISMO NO GOBERNO | 26 |
| 2.1. O GOBERNO GALEGO: A DEFENSA DOS INTERESES DE GALIZA E A APLICACIÓN DE ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, SOCIAL, CULTURAL E POLÍTICO DE GALIZA | 26 |
| 2.1.1. Obxectivos políticos prioritarios da acción de goberno | 26 |
| 2.1.2. A formación dunha conciencia nacional galega | 33 |
| 2.1.3. O impulso á estruturación social | 34 |
| 2.2. UNHA FORZA POLÍTICA DE GOBERNO: O PAPEL DO BNG ... | 35 |
| 2.2.1 A relación BNG-goberno | 35 |

| | |
|--|-----------|
| 2.2.2. Os cargos gubernativos e o BNG | 38 |
| 2.2.3. A intervención social do BNG | 40 |
| 3. AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS: | |
| NOVO RETO PARA O NACIONALISMO | 42 |
| 3.1. OBXECTIVOS E ORIENTACIÓNS PROGRAMÁTICAS | 42 |
| 3.1.1. Introducción | 42 |
| 3.1.2. Obxectivos.(Propostas de Resolución) | 42 |
| 3.1.3. Orientacións programáticas | 43 |
| 3.1.4. Orientación programáticas (Propostas de Resolución) | 44 |
| 3.2. OS CONCELLOS COMO INSTRUMENTO DO PROXECTO NACIONAL | 47 |
| 3.2.1. Os concellos na vertebración institucional e territorial de Galiza | 47 |
| 3.3. AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS E A EXPANSIÓN ORGANIZATIVA | 50 |
| 3.3.1. Eleccións Municipais: un contexto favorábel para a expansión organizativa | 50 |
| 3.3.2. Formas, contidos e recursos | 51 |
| 4. ORGANIZACIÓN: ACTUALIZACIÓNS ORGANIZATIVAS | 53 |
| 4.1. INTRODUCCIÓN | 53 |
| 4. 2. ACTUALIZACIÓNS ORGANIZATIVAS | 55 |
| 4.2.1. A presidencia do Consello Nacional | 55 |
| 4.2.2. O BNG como organización unitaria | 56 |
| 4.2.3. A Asemblea Nacional | 57 |
| 4.2.3.1. Os votos particulares dos membros do Consello Nacional | 59 |
| 4.2.4. Comisións do Consello Nacional | 60 |
| 4.2.5. Galiza Nova | 60 |

PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS, ESTATUTOS DO BNG E O SEU DESENVOLVEMENTO

| | |
|---|------------|
| 0. PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS | 64 |
| 1. DA AFILIACIÓN | 65 |
| 2. DOS PARTIDOS E COLECTIVOS | 70 |
| 3. DA ASEMBLEA NACIONAL | 70 |
| 4. DAS CONVENCIONS | 76 |
| 5. DO CONSELLO NACIONAL | 76 |
| 6. DA EXECUTIVA NACIONAL | 80 |
| 7. DA PORTAVOCÍA NACIONAL | 85 |
| 8. DA ESTRUTURA TERRITORIAL | 85 |
| 9. DA ESTRUTURA SECTORIAL | 92 |
| 10. DA COMISIÓN DE GARANTÍAS E O RÉXIME DISCIPLINARIO | 95 |
| 11. DA TOMA DE DECISIONS E O FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS EN XERAL | 98 |
| 12. DOS CARGOS ORGÁNICOS E INSTITUCIONAIS DO BNG | 99 |
| 13. DAS FINANZAS E DA ADQUISICION DE BENS E SERVIZOS | 100 |
| 14. DOS CADROS POLÍTICOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA, A REMUNERACIÓN DOS CARGOS INSTITUCIONAIS E O PER- SOAL AO SERVIZO DO BNG..... | 102 |
| 15. DOS ÓRGANOS DE EXPRESIÓN | 102 |
| 16. DOS SÍMBOLOS | 102 |



